

Ferrol  
A Coruña  
Santiago de Compostela  
Lugo  
Pontevedra  
Vigo  
Ourense

2019

memoria

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia



## Contido

<b>XUNTA DE GOBERNO</b>	<b>2</b>
COMISIÓN EXECUTIVA	3
XUNTAS DIRECTIVAS	3
REPRESENTANTES NOUTROS ORGANISMOS	4
<b>XUNTAS XERAIS</b>	<b>7</b>
ORDINARIAS	7
EXTRAORDINARIAS	8
<b>CONTRATOS E CONVENIOS</b>	<b>9</b>
<b>SECRETARÍA</b>	<b>10</b>
ALTAS E BAIXAS COLEXIADOS:	11
RELACIÓN DE PERSOAL DA ORGANIZACIÓN COLEXIAL	11
<b>RETRIBUCIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO</b>	<b>13</b>
<b>RETRIBUCIÓN ANUAL FIXA.</b>	<b>13</b>
<b>ÁREA TÉCNICA</b>	<b>14</b>
TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS: VISADO E REXISTRO	14
<b>ÁREA DE INFORMÁTICA</b>	<b>19</b>
<b>COMISIÓN DE CONCURSOS</b>	<b>21</b>
<b>COMISIÓN DE COMUNICACIÓN</b>	<b>26</b>
<b>COMISIÓN DE FORMACIÓN</b>	<b>28</b>
<b>COMISION DE CULTURA, PUBLICACIÓNS E SOCIEDADE</b>	<b>36</b>
PROXECTOTERRA	38
<b>GRUPO DE TRABALLO ASUNTOS DE XENERO</b>	<b>40</b>
<b>COMISIÓN DE URBANISMO, TERRITORIO, ADMINISTRACIÓN LOCAL E FUNCIÓN PÚBLICA</b>	<b>41</b>
<b>SERVIZO DE DEONTOLOXÍA E ASUNTOS PROFESIONAIS</b>	<b>43</b>
INFORME ANUAL DO SERVIZO DE RECLAMACIÓNS DE COLEXIADOS	46
<b>AGRUPACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES</b>	<b>47</b>
<b>DELEGACIÓNS</b>	<b>51</b>
DELEGACIÓN DE A CORUÑA	52
DELEGACIÓN DE LUGO	54
DELEGACIÓN DE OURENSE	56
DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA	58
DELEGACIÓN DE VIGO	61
DELEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	64
DELEGACIÓN DE FERROL	68

## XUNTA DE GOBERNO

### COMPOSICIÓN E SESIÓNS

Durante o exercicio de 2019, tiveron lugar eleccións para os cargos de Xunta de Goberno o día 27 de maio. Até a toma de posesión dos novos cargos na Xunta Xeral ordinaria celebrada en Santiago de Compostela o día 12 de xuño, a súa composición era:

DECANO-PRESIDENTE: .....	D. ANTONIO MAROÑO CAL
TESOUREIRO-CONTADOR: .....	D. CARLOS RODRÍGUEZ DE LA TORRE
SECRETARIO: .....	D. JOSÉ LUÍS SANMIGUEL GUERREIRO
VOGAL: .....	DONA ELVIRA CARREGADO PAZOS
VOGAL:.....	DONA BEATRIZ HERMIDA CALVIÑO
VOGAL: .....	D. FERNANDO TABERNEIRO DUQUE
VOGAL A CORUÑA: .....	D. CRISTÓBAL CRESPO GONZÁLEZ
VOGAL VIGO: .....	D. SIMÓN PEREIRO LÓPEZ-QUECUTY
PRESIDENTE A CORUÑA: .....	D. ROBERTO COSTAS PÉREZ
PRESIDENTE LUGO: .....	D. RAÚL J. VEIGA LAMELAS
PRESIDENTE OURENSE: .....	D. ANTONIO DE PAULA PRIETO
PRESIDENTE PONTEVEDRA: .....	D. MANUEL ABELLEIRA ARGIBAY
PRESIDENTE VIGO:.....	D. ANTONIO DAVILA ALONSO
PRESIDENTE SANTIAGO: .....	D. SANTIAGO GARCÍA SUÁREZ
PRESIDENTE FERROL: .....	D. RAMÓN MONTERO CEREIJO

Logo das eleccións e da toma de posesión dos novos cargos, a composición da Xunta de Goberno quedou da seguinte forma:

DECANA-PRESIDENTA: .....	DONA ELENA AMPUDIA AIXENDRI
TESOUREIRA-CONTADORA:.....	DONA ALICIA ROMANÍ BÓVEDA
SECRETARIA: .....	DONA ELVIRA CARREGADO PAZOS
VOGAL: .....	DONA EMMA NORIEGA GARCÍA
VOGAL:.....	DONA ANA ISABEL COUTO PÉREZ
VOGAL:.....	D. RAMÓN MONTERO CEREIJO
VOGAL A CORUÑA: .....	DONA CLARA GONZÁLEZ GIL
VOGAL VIGO: .....	D. ANTONIO DAVILA ALONSO
PRESIDENTE A CORUÑA: .....	D. ROBERTO COSTAS PÉREZ
PRESIDENTA LUGO: .....	DONA CARMEN FIGUEIRAS LORENZO
PRESIDENTE OURENSE: .....	D. RAFAEL CASTRO ARMESTO
PRESIDENTE PONTEVEDRA: .....	D. ANSELMO VILLANUEVA PEÓN
PRESIDENTE VIGO: .....	D. MANUEL MARTÍNEZ CARAZO
PRESIDENTE SANTIAGO: .....	D. ANGEL CID CARBALLO
PRESIDENTA FERROL: .....	DONA CARMEN PÉREZ PARAPAR

A Xunta de Goberno celebrou 17 reunións no transcurso do ano 2019.

## COMISIÓN EXECUTIVA

A Comisión Executiva da Xunta de Goberno ata o 12 de xuño de 2019 estivo formada por:

- Decano, Tesoureiro, Secretario, a vogal Dona Elvira Carregado Pazos e o Presidente da Delegación de Santiago, D. Santiago García Suárez.

Logo das eleccións e da toma de posesión dos novos cargos, a composición da Comisión Executiva quedou da seguinte forma:

- Decana, Tesoureira, Secretaria, a vogal Dona Emma Noriega García e o Presidente da Delegación de A Coruña D. Roberto Costas Pérez.

A Comisión Executiva celebrou 1 reunión no transcurso do ano 2019.

## XUNTAS DIRECTIVAS

Durante o exercicio de 2019, tiveron lugar eleccións para os cargos de Xuntas Directivas o día 27 de maio. Ata a toma de posesión dos novos cargos na Xunta Xeral ordinaria celebrada en Santiago de Compostela o día 12 de xuño, a súa composición era:

### DELEGACIÓN DE A CORUÑA

Presidente: D. Roberto Costas Pérez  
Secretario: D. Óscar Pedrós Fernández  
Tesoureira: Dona Julia Álvarez García

### DELEGACIÓN DE LUGO

Presidente: D. Raúl J. Veiga Lamelas  
Secretaria: Dona Mónica Folgueira Cobas  
Tesoureira: Dona M<sup>a</sup> Belén Feijoo Lombao

### DELEGACIÓN DE OURENSE

Presidente: D. Alberto de Paula Prieto  
Secretaria: Dona Emma Noriega García  
Tesoureira: Dona Paula Feijoo Calviño

### DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

Presidente: D. Manuel Abelleira Argibay  
Secretario: D. Anselmo Villanueva Peón  
Tesoureira: Dona María Luisa Pierres López

### DELEGACIÓN DE VIGO

Presidente: D. Antonio Davila Alonso  
Secretaria: Dona María Mariño de Oya  
Carballido  
Tesoureiro: D. Manuel Martínez Carazo

### DELEGACIÓN DE SANTIAGO

Presidente: Don Santiago García Suárez  
Secretaria: Dona Susana Rodríguez  
Tesoureira: Dona Carmen Rey López

### DELEGACIÓN DE FERROL

Presidente: D. Ramón Montero Cereijo  
Secretaria: Dona M<sup>a</sup> de la Concepción Laborda Alberto.  
Tesoureiro: D. José Alejandro Romero Alonso

Logo das eleccións e da toma de posesión dos novos cargos, a composición da Xunta de Goberno quedou da seguinte forma:

### DELEGACIÓN DE A CORUÑA

Presidente: D. Roberto Costas Pérez  
Lorenzo  
Secretario: D. Óscar Pedrós Fernández  
Tesoureira: Dona Julia Álvarez García

### DELEGACIÓN DE LUGO

Presidenta: Dona Carmen Figueiras  
Secretario: D. Raúl J. Veiga Lamelas  
Tesoureira: Dona Mónica Folgueira Cobas

### DELEGACIÓN DE OURENSE

Presidente: D. Rafael Castro Armesto  
Secretario: D. Abel Mares González  
Tesoureira: Dona Marta Feijoo Gil

### DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

Presidente: D. Anselmo Villanueva Peón  
Secretaria: Dona María Luisa Pierres López  
Tesoureiro: D. Carlos Berride Abalo

### DELEGACIÓN DE VIGO

Presidente: D. Manuel Martínez Carazo

### DELEGACIÓN DE SANTIAGO

Presidente: D. Ángel Cid Carballo



Secretaria: Dona María Mariño de Oya  
Carballido  
Tesoureira: Dona Sonia M<sup>a</sup> Alvarado Peitieiros

Secretaria: Dona Susana Rodríguez  
Tesoureira: Dona Carmen Rey López

#### DELEGACIÓN DE FERROL

Presidenta: Dona Carmen Pérez Parapar  
Secretaria: Dona M<sup>a</sup> de la Concepción Laborda Alberto  
Tesoureiro: D. José Manuel López Leira

### REPRESENTANTES NOUTROS ORGANISMOS

#### Permanentes

Ata o 12 de xuño de 2019:

ORGANISMO	REPRESENTANTE
Representante no Pleno do CSCAE Representante Padroado Fundación Docomomo Representante titular na Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia Membro Xunta Directiva da Unión Profesional de Galicia Membro do Consello executivo da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	D. Antonio Maroño Cal
Xurado de Expropiación de Galicia	Titular: D. José Manuel Alonso Velasco Suplente: D. Alberto de Paula Prieto
Comisión Asesora do Patrimonio Histórico do Concello de Santiago	Titular: Dona Carmen Rey López Suplente: D. Ricardo Varela Fernández
Representante na Comisión Técnica da Fundación Docomomo	D. Fernando Agrasar Quiroga
Representante na Comisión Superior de Urbanismo de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio Representante ante a "Unión de Agrupaciones de Arquitectos al Servicio de las Administraciones Públicas"	Dona Elvira Carregado Pazos
Observatorio Galego da Vivenda	D. Antonio Maroño Cal Dona Beatriz Hermida Calviño (sección "Financiamento e Intermediación") D. Fernando Tabernero Duque (sección "Técnica e de calidade") D. Santiago García Suárez (sección "Social")
"Foro Liceo" de Ourense	D. Alberto de Paula Prieto

A partir do 12 de xuño:

ORGANISMO	DESIGNACIÓN	REPRESENTANTE
<p>Representante no Pleno do CSCAE</p> <p>Representante Padroado Fundación Docomomo</p> <p>Representante titular na Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia</p> <p>Membro Xunta Directiva da Unión Profesional de Galicia</p> <p>Membro do Consello executivo da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística</p> <p>Membro do Consello do Observatorio da Vivenda de Galicia</p>	Pola súa condición de Decana	Dona Elena Ampudia Aixendri
Xurado de Expropiación de Galicia	Acordo da Xunta de Goberno 13/2019	Titular: D. José Manuel Alonso Velasco Suplente: D. Alberto de Paula Prieto
Comisión Asesora do Patrimonio Histórico do Concello de Santiago	Acordo da Xunta de Goberno 13/2019	Titular: Dona Carmen Rey López Suplente: D. Óscar Andrés Quintela
Representante na Comisión Técnica da Fundación Docomomo	Acordo da Xunta de Goberno 13/2019	D. Fernando Agrasar Quiroga
Comisión BIM do CSCAE	Acordo da Xunta de Goberno 13/2019	D. José Antonio Vázquez Rodríguez
Coordinación da Agenda de Arquitectura CSCAE	Acordo da Xunta de Goberno 13/2019	Dona Elvira Carregado Pazos
Representante na Comisión Superior de Urbanismo de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	Acordo da Xunta de Goberno 13/2019	Dona Ana Isabel Couto Pérez
Representante ante a "Unión de Agrupaciones de Arquitectos al Servicio de las Administraciones Públicas"	Acordo da Xunta de Goberno 13/2019	Dona Elvira Carregado Pazos
Comisión Técnica do Patrimonio Histórico Municipal do Concello de Cambados	Acordo da Xunta de Goberno 13/2019	D. Anselmo Villanueva Peón
Observatorio da Vivenda de Galicia	Acordo da Xunta de Goberno 13/2019	D. Rafael Castro Armesto (sección "Financiamento e Intermediación inmobiliaria")  D. Angel Cid Carballo (sección "Técnica e de calidade")  Dona Clara González Gil (sección "Social")
"Foro Liceo" de Ourense	Acordo da Xunta de Goberno 13/2019	D. Alberto de Paula Prieto
Mesa pola mobilidade sostible da Coruña	Acordo da Xunta de Goberno 16/2019	D. Roberto Costas Pérez (Titular) D. Óscar Pedrós Fernández (Suplente)



Comisión Mixta de Seguimento do Convenio de Colaboración coa Universidade da Coruña para xestión delegada de servizos científicos, técnicos, artísticos ou docentes	Acordo da Xunta de Goberno 13/2019	Dona Clara González Gil D. Roberto Costas Pérez
---	------------------------------------	--

#### Puntuais

- Representantes da Xunta de Goberno na Asemblea xeral do CSCAE:
- Extraordinaria, celebrada en Zaragoza o 21 de xuño. Conforme ao acordo da Xunta de Goberno 9/2019 de 12 de xuño, foron designados representantes na Asemblea Xeral extraordinaria do CSCAE os seguintes membros das Xunta de Goberno:
  - Dona Elvira Carregado Pazos, Secretaria
  - Dona Alicia Romaní Bóveda, Tesoureira
  - D. Dona Emma Noriega García, Vogal
  - Dona Ana Isabel Couto Pérez, Vogal
  - D. Ramón Montero Cereijo, Vogal
  - D. Roberto Costas Pérez, Presidente Delegación De A Coruña
  - Dona Carmen Figueiras Lorenzo, Presidenta Delegación De Lugo:
  - D. Anselmo Villanueva Peón, Presidente Delegación De Pontevedra:
  - D. Manuel Martínez Carazo, Presidente Delegación Vigo
  - D. Ángel Cid Carballo, Presidente Delegación Santiago
  - Dona Carmen Pérez Parapar, Presidenta Delegación De Ferrol
- Ordinaria, celebrada en Madrid o 29 de novembro. Conforme ao acordo da Xunta de Goberno 14/2019 de 10 de outubro, foron designados representantes na Asemblea Xeral ordinaria do CSCAE os seguintes membros das Xunta de Goberno:
  - Dona Elena Ampudia Aixendri, Decana
  - Dona Elvira Carregado Pazos, Secretaria
  - Dona Alicia Romaní Bóveda, Tesoureira
  - Dona Clara González Gil, Vogal
  - Dona Emma Noriega García, Vogal
  - D. Antonio Davila Alonso, Vogal

## XUNTAS XERAIS

### ORDINARIAS

#### Xunta Xeral ordinaria de 29/05/2019

Na Xunta Xeral ordinaria celebrada en Santiago de Compostela o 29 de maio, tratouse a seguinte orde do día:

- 1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS XUNTAS XERAIS PENDENTES.
- 2º.- INFORME DO ILMO. SR. DECANO.
- 3º.- INFORME DO SR. SECRETARIO.
- 4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE XESTIÓN DO ANO 2018.
- 5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS CONTAS ANUAIS E DO PECHE DE CONTAS DO ANO 2018.
- 6º.- TOMA DE POSESIÓN DOS NOVOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO E XUNTAS DIRECTIVAS DO COLEXIO DE ARQUITECTOS (punto aprazado até a Xunta Xeral extraordinaria de 12 de xuño).
- 7º.- ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS.

Os acordos adoptados na devandita sesión foron os seguintes:

**PUNTO 1º LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS XUNTAS XERAIS PENDENTES.**

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor ..... 30

En contra ..... 1

Abstencións ..... 2

**Total votos ..... 33**

(7 presenciais, 16 dixitais e 10 delegados)

En consecuencia, dáse por aprobado o punto.

**PUNTO 3. .. APROBACIÓN, SE PROCEE, DA MEMORIA DE XESTIÓN DO ANO 2018.**

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor ..... 42

En contra ..... 3

Abstencións ..... 5

**Total votos ..... 50**

(15 presenciais, 15 dixitais e 20 delegados)

En consecuencia, dáse por aprobado o punto.

**PUNTO 4. .. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS CONTAS ANUAIS E DO PECHE DE CONTAS DO ANO 2018.**

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor da desestimación 41

En contra da desestimación ..... 2

Abstencións ..... 9

**Total votos ..... 52**

(13 presenciais, 19 dixitais e 20 delegados)

En consecuencia, dáse por aprobado o punto.



### Xunta Xeral ordinaria de 17/12/2019

Na Xunta Xeral ordinaria celebrada en Santiago de Compostela o 17 de decembro, tratouse a seguinte orde do día:

- PUNTO 1º APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.
- PUNTO 2º INFORME SOBRE AS ALTAS, BAIXAS, FALECEMENTOS, COLEXIADOS DE HONRA E MODIFICACIÓNS DE RESIDENCIA DURANTE O ANO 2019.
- PUNTO 3º INFORME DO ILMO. SR. DECANO-PRESIDENTE.
- PUNTO 4º INFORME DO SR. SECRETARIO.
- PUNTO 5º LECTURA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DO PRESUPOSTO DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2020, PRESENTADO POLA XUNTA DE GOBERNO, QUE INCLÚE A PROPOSTA DE COTAS COLEXIAIS PARA DITO EXERCICIO.
- PUNTO 6º ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS.

Os acordos adoptados na devandita sesión foron os seguintes:

- PUNTO 1º APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor .....	49
En contra .....	0
Abstencións .....	2
<b>Total votos .....</b>	<b>51</b>

(13 presenciais, 6 dixitais e 32 delegados)  
En consecuencia, dáse por aprobado o punto.

- PUNTO 6º. LECTURA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DO PRESUPOSTO DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2020, PRESENTADO POLA XUNTA DE GOBERNO, QUE INCLÚE A PROPOSTA DE COTAS COLEXIAIS PARA DITO EXERCICIO, PREZOS DOS SERVIZOS VOLUNTARIOS, PREZO UNITARIO DA UNIDADE DE COMPLEXIDADE DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS E ACTUALIZACIÓN DE FACTORES DE CÁLCULO DA COMPLEXIDADE.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor .....	74
En contra .....	2
Abstencións .....	1
<b>Total votos .....</b>	<b>77</b>

(19 presenciais, 10 dixitais e 48 delegados)  
En consecuencia, dáse por aprobado o punto.

### EXTRAORDINARIAS

Na Xunta Xeral ordinaria celebrada en Santiago de Compostela o 12 de xuño, tratouse a seguinte orde do día:

PUNTO ÚNICO: TOMA DE POSESIÓN DOS NOVOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO E XUNTAS DIRECTIVAS DO COLEXIO DE ARQUITECTOS.

Debido a que a orde do día non ten ningún punto que precise someterse a votación, non se habilita a posibilidade delegar o voto.

## CONTRATOS E CONVENIOS

- **05/11/2018** Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo, o Colexio e a Universidade de Santiago de Compostela, para a elaboración dun modelo de Plane de Dinamización das Áreas Rexurbe, asinado en 2018, pero desenvolvido no ano 2019 (Deseño da estrutura de traballo, conceptualización, organización, calendario, etc...reunións varias co IGVS para centrar os obxectivos e o grupo AMTE, estudio de referentes, inicio de propostas, etc... Deseño de mesas de traballo no COAG...
- **18/01/2019** Convenio colaboración entre EFINOVATIC-COAG.
- **18/01/2019** Convenio colaboración entre SYNERGY DIDACTIC-COAG.
- **04/02/2019** Convenio co Concello de Tui para a convocatoria dun concurso de proxectos para a reordenación da fronte fluvial do Río Miño ao seu paso pola cidade de Tui.
- **05/02/2019** Contrato VIAQUA-COAG subministro de auga na Delegación de Ourense.
- **11/02/2019** Convenio coa Deputación da Coruña para o depósito de fondo documental da delegación do COAG en A Coruña, relativo ao planeamento da provincia.
- **15/02/2019** Contrato entre JOFER, SL e o COAG DELEACION DE OURENSE Contrato de obra reforma local sito en Avilés de Taramancos 38 para Delegación en Ourense do COAG.
- **07/03/2019** Convenio co COLEGIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE MURCIA sobre a plataforma BIMMATE, TECNOLOGIA BIM PARA LA ARQUITECTURA Y LA INGENIERIA SL.
- **05/04/2019** Convenio coa ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACION PUBLICA-COAG Convenio de colaboración entre a EGAP e o COAG, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. Vixencia: 31/12/2019.
- **12/04/2019** Convenio con VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA para o desenvolvemento dun concurso de ideas, con intervención de xurado, a nivel anteprojecto, para a reforma interior e reorganización da ocupación do Complexo Administrativo de San Caetano, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e suxeito a regulación harmonizada.
- **24/04/2019** Contrato con Audiesa de presentación de servizos profesionais de asesoramento fiscal ao COAG.
- **25/04/2019** Convenio ASEMAS-COAG para a renovación de contrato de patrocinio para o exercicio 2019.
- **03/05/2019** Convenio CONCELLO DE AMES-COAG para a xestión do Concurso de Proxectos do Centro Multifuncional de ocio, cultura e promoción económica.
- **22/05/2019** Contrato ROBERTO COSTAS LOPEZ-PRESIDENTE DELEGACION A CORUÑA Contrato obras Delegación A Coruña coa empresa DESSCO Galicia, S.L.
- **22/05/2019** Contrato Limpregal-Delegación de Ourense para a limpeza da Delegación.
- **23/05/2019** Contrato Salzillo Seguridad-Delegación de Lugo, servizo de vixilancia Delegación de Lugo durante as festas.
- **24/09/2019** Convenio CONCELLO DAS PONTES -COAG para a convocatoria de dous concursos de ideas con intervención de xurado para mellorar as condicións de urbanización de dúas prazas públicas.

- **12/12/2019** Convenio coa **Axencia Galega da Industria Forestal (XERA)** para promover o coñecemento en materia de construción e rehabilitación con madeira e a divulgación de obras exemplares.

## SECRETARÍA

As actividades desenvolvidas pola Secretaría colexial durante o exercicio obxecto desta memoria enmarcáronse dentro das funcións normais deste Departamento, materializándose na tramitación dos seguintes asuntos:

- Convocatoria, envío de documentación e redacción de 18 actas, correspondentes a 17 sesións de Xunta de Goberno e 1 sesión da Comisión Executiva.
- Convocatoria, elaboración e envío de documentación, e control de asistencia e votacións das actas correspondentes ás Xuntas Xerais ordinarias de 29 de maio e de 17 de decembro.
- Mantense o rexistro de Sociedades Profesionais de Arquitectos no que figuran inscritas aquelas aprobadas pola Xunta de Goberno ou a Comisión Executiva. O total de sociedades de alta e activas é de 215.
- Execución dos acordos recaídos nas sesións de Xunta de Goberno, Comisión Executiva e Xuntas Xerais.
- Tramitación de 249 expedientes colexiais, que se desglosan como segue:
  - 114 altas de colexiados residentes
  - 60 baixas de colexiados residentes
  - 75 altas de colexiados habilitados
  - Rexistro, distribución e arquivo de 1.176 documentos (399 entradas e 777 saídas)
- Servizos administrativos á Asesoría xurídica e resto de comisións e agrupacións colexiais.
- Convocatoria, xestión da documentación e seguimento da Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses do Colexio, xunto coa convocatoria para o ano 2019 das listas dos membros da Agrupación e das listas dos arquitectos dispostos a actuar como peritos perante os órganos xudiciais, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Axencia Tributaria Galega e ao Colexio Notarial de Galicia. Tamén se xestionou a convocatoria da lista de peritos para a "Prestación de asistencia pericial á Administración de Xustiza de Galicia", realizando a xestión da designación como peritos de 22 colexiados inscritos nesa lista.
- Por último, durante o 2019 tramitouse 1 bolsa de emprego que correspondían coa seguinte ofertas de emprego:
- Convocatoria dunha bolsa de emprego para a designación dun arquitecto/a colexiado/a para a redacción dun informe para dirimir unha controversia entre os propietarios da cc.pp. de garaxes "La palmera" de Pontevedra

## ALTAS E BAIXAS COLEXIADOS:

### ALTAS

Delegación	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	52	26	26
Lugo	9	7	2
Ourense	5	2	3
Pontevedra	8	5	3
Vigo	24	12	12
Santiago	16	8	8
Ferrol	0	0	0
<b>TOTAIS</b>	<b>114</b>	<b>60</b>	<b>54</b>

### BAIXAS

Total	Homes	Mulleres
31	18	13
6	3	3
5	4	1
4	2	2
8	4	4
5	3	2
1	1	
<b>60</b>	<b>35</b>	<b>25</b>

### CAMBIOS RESIDENCIA

Total
1
1
2
1
<b>5</b>

### TOTAL COLEXIADOS

Total	Homes	Mulleres
1018	685	333
257	162	95
257	169	88
309	214	95
563	396	167
305	214	91
120	79	41
<b>2829</b>	<b>1919</b>	<b>910</b>

## SOCIEDADES PROFESIONAIS

### ALTAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	4
Lugo	1
Ourense	0
Pontevedra	1
Vigo	3
Santiago	1
Ferrol	0
<b>TOTAL:</b>	<b>10</b>

### BAIXAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	3
Lugo	0
Ourense	2
Pontevedra	0
Vigo	1
Santiago	0
Ferrol	0
	<b>6</b>

### TOTAL SOCIEDADES

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	86
Lugo	22
Ourense	17
Pontevedra	24
Vigo	40
Santiago	22
Ferrol	4
	<b>215</b>

Arquitectos falecidos en 2019: 5

- 58 JAIME GARRIDO RODRÍGUEZ, COLEXIADO NA DELEGACIÓN DE VIGO
- 843 MIGUEL ANGEL RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, COLEXIADO NA DELEGACIÓN DE LUGO
- 947 RICARDO A. SÁNCHEZ OROZA, COLEXIADO NA DELEGACIÓN DA CORUÑA
- 959 JUAN MANUEL FRANCO TABOADA, COLEXIADO NA DELEGACIÓN DA CORUÑA
- 29 ANDRÉS FERNÁNDEZ-ALBALAT LOIS, COLEXIADO NA DELEGACIÓN DA CORUÑA

Colexiados de honra 2019: 1

- 89 ALONSO FERNANDEZ, PEDRO ANTONIO, COLEXIADO NA DELEGACIÓN DE VIGO


## RELACIÓN DE PERSOAL DA ORGANIZACIÓN COLEXIAL

A 31 de decembro de 2019 o capital humano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia componse de 21 traballadores en plantilla con contrato indefinido. Dos cales 1 corresponde a persoal de limpeza, polo que os 20 restantes desenvolven toda a actividade e prestan os servizos que a organización ofrece.

Como resultado da convocatoria pública de contratación dun/dunha arquitecto/a (titulado/a superior) para que preste as funcións de arquitecto/a de visado así como as funcións de persoal de apoio á Área de Formación, publicada mediante a [Circular 4 2019](#) de 22 de marzo, resultou seleccionada a a arquitecta Dona Anxa Otero Erias, colexiada 3.730, que se incorporou con contrato indefinido o 13 de maio.

Conforme ao anterior, a 31 de decembro de 2019 o persoal distribúese segundo o seguinte gráfico:

### Traballadores/as por área/servicio



### Persoal por centro de traballo e área 31/12/2019

OFICINAS CENTRAIS		9
José Luis Baltasar Hormigos	Área de Secretaría (1)	
María Esperanza Malvido Pose	Asesoría Xurídica (1)	
Jose Manuel Torres Ferreiro	Área de Informática (3)	
Manuel Ángel da Cruz Blanco		
Manuel Dapena Sieiro		
Rocío Lamas Pérez-Cepeda	Área Técnica (Formación) (1)	
María Teresa Cambón Cundíns	Área de Finanzas (3)	
Mikel Capeáns Pensado		
Manuel García Pita		Comunicación (1)

DELEGACIÓN DE LUGO		2
Cristina López Eimil	Área Técnica	
Álvaro Sánchez Rábade		

DELEGACIÓN DE OURENSE		1
Manuela Rodríguez Ojea	Área Técnica	

DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA		1
Alberto Escobar Molinero	Deontoloxía	

DELEGACIÓN DE VIGO		2
Anxo de la Puente Fernández	Área Técnica	
Esther Hernández Pérez		

DELEGACIÓN DE A CORUÑA		4
Antonio Freire Romero	Área Técnica	
Pedro Díaz Sanjurjo		
Anxa Otero Erias		
María del Carmen Pérez Ponte	Limpeza	

DELEGACIÓN DE SANTIAGO		1
Enrique Urdiales de Santiago	Área Técnica	

DELEGACIÓN DE FERROL		1
Eduardo Alonso Lois	Área Técnica	

## RETRIBUCIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO

### RETRIBUCIÓN ANUAL FIXA.

Durante o ano 2019 seguíronse aplicando as mesmas retribucións para os membros de Xunta de Goberno e das Xuntas Directivas:

- Os cargos de Decano, Secretario e Tesoureiro da Xunta de Goberno tiveron una retribución fixa anual que ascende a:

<b>Cargo</b>	<b>Retribución</b>
Decano	24.000,00 €
Secretario	17.000,00 €
Tesoureiro	17.000,00 €
<b>Total</b>	<b>58.000,00 €</b>

- Os 5 vogais de Xunta de Goberno terán unha retribución fixa anual que ascende a:

<b>Cargo</b>	<b>Retribución</b>
Vogal	6.600,00 €
<b>Total 5 vogais</b>	<b>33.000,00 €</b>

- As Xuntas Directivas terán unha retribución conxunta e fixa anual de:

<b>Delegación</b>	<b>Retribución</b>
Xunta Directiva A Coruña	22.000,00 €
Xunta Directiva Lugo	19.000,00 €
Xunta Directiva Ourense	19.000,00 €
Xunta Directiva Pontevedra	19.000,00 €
Xunta Directiva Vigo	22.000,00 €
Xunta Directiva Santiago	19.000,00 €
Xunta Directiva Ferrol	19.000,00 €
<b>Total Xuntas Directivas</b>	<b>139.000,00€</b>

A contía resultante puido ser distribuída entre os seus membros en función dos criterios de dedicación e desenvolvemento de actividades que estimaron oportuno, é dicir, estes importes foron o límite máximo que se puido destinar a actividades cada Xunta Directiva, ben directamente, ben a través de colaboradores. Toda cantidade que excedese de estes importes fixos asignados debeu ser previamente aprobada pola Xunta de Goberno.

Establécese un importe fixo de 25 euros por día e asistente en concepto de manutención para a asistencia a xuntas de goberno.

Todas as retribucións que percibiron os órganos de goberno con motivo do seu cargo se entenden incluídas nos importes e se axustarán aos criterios anteriormente expostos, sen prexuízo da compensación dos gastos en que incorran co motivo do exercicio das súas funcións.

### 2. Compensación de gastos.

Na compensación de gastos se cubriron exclusivamente os gastos nos que se incorrera con motivo do desprazamento realizado, segundo o seguinte criterio:

- Para os que utilizaron vehículo propio, a razón de 0,19 €/km.
- Para os que utilizaron un medio de transporte público, o custe dos billetes.

## ÁREA TÉCNICA

A Área Técnica ten como misións esenciais:

- Supervisión da tramitación de traballos profesionais: visado, rexistro, visado intercolexial e interterritorial
- Asesoramento ós Colexiados mediante a plataforma web de consultas, atención telefónica e atención presencial: Urbanismo, Edificación, Tramitación (xeral), Tramitación de expedientes
- Atención presencial e telefónica para o público en xeral
- Mantemento da web: utilidades profesionais, normativa técnica, novidades de planeamento e outra normativa de interese


A dedicación a estas tarefas detállase máis adiante, mais cómpre subliñar a labor de colaboración con outros departamentos colexiais que quedan reflectidos nos apartados específicos da Memoria de Xestión:

- Departamento de Informática: seguimento e actualización das aplicacións de tramitación de traballos profesionais: COAG-Estudo, COAG-Xestión, COAG-Estudo web, Ferramenta web da Guía de tramitación
- Departamento Xurídico e Secretaría Colexial: elaboración de suxestións, alegacións e recursos a proxectos normativos (locais, autonómicos e, mediante o CSCAE, estatais) e concursos de licitación pública (das administracións locais e autonómica)
- Xunta de Goberno, Comisións e Xuntas de Delegación: elaboración de Convenios coas Administracións, asesoramento e outras tarefas
- Tesourería e Departamento de Informática: análises para a elaboración dos orzamentos no relativo a ingresos por tramitación de traballos profesionais
- Comisión de Visado: mantemento da Guía de tramitación e mailo seu catálogo así como asesoramento puntual en temas de interpretación
- Decanato: asesoramento en propostas técnicas do CSCAE

## TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS: VISADO E REXISTRO

O global de traballos tramitados no 2019 mantense respecto do ano anterior. A complexidade total diminúe nun 2%, o que non reflicte un empobrecemento no traballo dos arquitectos nin un transvasamento do visado ó rexistro, senón a baixada para 2019 dos coeficientes de uso diferentes de unifamiliar, aparcamento e industrial. Sendo esta baixada superior ó 10%, a diminución da complexidade nun 2% indica realmente un crecemento da complexidade homoxeneizada respecto de 2018, o que confirma a lenta mais constante mellora dos encargos ós colexiados.

As obras de edificación seguen a ser a tramitación colexial fundamental, seguida de lonxe polas obras ordinarias e, aínda máis polas pericias (informes, certificados, taxacións, parcelacións...). As demolicións comezan a ser irrelevantes así como xa o son na tramitación os instrumentos de planeamento e proxectos de urbanización.



En obras de edificación cómpre salientar o incremento na tramitación de CFO (12%), oficios de dirección (5%) e proxectos de execución (3%), manténdose a emisión de libros de ordes e asistencias.

En obras ordinarias, cun incremento do 3% en tramitación de oficios de dirección e proxectos técnicos, a proporción de traballos visados fronte ós rexistrados increméntase respecto do ano anterior, o que amosa unha clara tendencia a considerar o valor positivo do visado.

Na seguinte táboa detállanse os traballos tramitados no 2019 dando o número de traballos tramitados (tra.) e a súa complexidade (com):

Traballo	2019					
	Rexistro		Visado		Total	
	tra.	com.	tra.	com.	tra.	com.
<b>Obras de Edificación</b>						
CFO antigos			7	840	7	840
Acta de (ou inf. para) aprobación do PSS	16	160	36	900	52	1.060
Acta de traza ou inicio de obra	32	320	21	525	53	845
Anteprojecto	7	70	9	225	16	295
Certificación parcial de obra	53	530	120	2.960	173	3.490
Certificado final de obras de edificación			938	112.455	938	112.455
Certificado final de obras de edificación. Modificado			22	2.640	22	2.640
Certificado final de obras de edificación. Parcial			30	3.600	30	3.600
Certificado finalización obras de edificación suxeitas a legalización			18	1.080	18	1.080
Certificado para inscrición obra nova	23	230	78	1.890	101	2.120
Comunicación de cese por parte do promotor	4	20			4	20
Dilixencia (para tramitación CFO)			706	84.480	706	84.480
Documentación do control das obras de edificación	7	70			7	70
Documentación do seguimento das obras de edificación	1.749	17.495			1.749	17.495
Documentación do seguimento e control da obra	1	10			1	10
Estado final de obras de edificación			1.004	22.317	1.004	22.317
Estatística da edificación	324	3.240	393	9.625	717	12.865
Estudos previos	1	10			1	10
Expediente de legalización de obra de edificación en curso			150	28.860	150	28.860
Expediente de legalización de obra de edificación terminada			138	32.263	138	32.263
Liquidación final	16	160	69	1.705	85	1.865
Oficio de dirección	529	5.290	1.643	40.745	2.172	46.035
Outra documentación para o Libro do Edificio	11	110	12	290	23	400
Outro	98	980	315	7.775	413	8.755
Proxecto básico	112	1.120	335	50.932	447	52.052
Proxecto de execución			3.858	1.211.422	3.858	1.211.422
Solicitude do libro de incidencias	104	520			104	520
Solicitude do libro de ordes e asistencias	1.900	9.500			1.900	9.500
<b>Total Obras de Edificación</b>	<b>4.987</b>	<b>39.835</b>	<b>9.902</b>	<b>1.617.529</b>	<b>14.889</b>	<b>1.657.364</b>
Proporción respecto Total	75%	71%	70%	88%	72%	87%
Proporción Rexistro e Visado	33%	2%	67%	98%		
<b>Variación respecto a 2018</b>	<b>3%</b>	<b>3%</b>	<b>2%</b>	<b>-1%</b>	<b>2%</b>	<b>-1%</b>





<b>Obras Ordinarias</b>						
Acta de (ou inf. para) aprobación do PSS	36	360	29	725	65	1085
Acta de traza ou inicio de obra	6	60	3	75	9	135
Anteproxecto	4	40	6	140	10	180
Certificación parcial de obra	3	30	3	75	6	105
Certificado de finalización de obras suxeitas a legalización			6	360	6	360
Certificado final de obra	155	1550	447	26820	602	28370
Certificado para inscrición obra nova	1	10	2	50	3	60
Documentación do seguimento e control da obra	30	300			30	300
Estado final de obra	35	350	104	1560	139	1910
Estatística da edificación	131	1310	91	2265	222	3575
Expediente de legalización de obra en curso	1	10	57	4589	58	4599
Expediente de legalización de obra terminada	17	170	52	4235	69	4405
Liquidación final	3	30	9	225	12	255
Oficio de dirección	299	2990	658	16350	957	19340
Outra documentación para o Libro do Edificio	2	20			2	20
Outro	46	460	99	2465	145	2925
Proxecto técnico	289	2890	1484	122522	1773	125412
Solicitude do libro de incidencias	147	735			147	735
<b>Total Obras Ordinarias</b>	<b>1.205</b>	<b>11.315</b>	<b>3.050</b>	<b>182.456</b>	<b>4.255</b>	<b>193.771</b>
Proporción respecto Total	18%	20%	22%	10%	21%	10%
Proporción Rexistro e Visado	28%	6%	72%	94%		
<b>Variación respecto 2018</b>	<b>-5%</b>	<b>-6%</b>	<b>5%</b>	<b>-9%</b>	<b>2%</b>	<b>-8%</b>
<b>Demolicións</b>						
Acta de (ou inf. para) aprobación do PSS	5	50	2	50	7	100
Acta de traza ou inicio de obra			2	50	2	50
Certificado final de obra	7	70	49	2940	56	3010
Documentación do seguimento e control da obra	7	70			7	70
Estado final de obra	1	10	4	60	5	70
Estatística da edificación	21	210	20	500	41	710
Liquidación final			1	25	1	25
Oficio de dirección	40	400	83	2075	123	2475
Outro	9	90	10	250	19	340
Proxecto de derruba			209	15605	209	15605
Solicitude do libro de incidencias	9	45			9	45
<b>Total Demolicións</b>	<b>99</b>	<b>945</b>	<b>380</b>	<b>21.555</b>	<b>479</b>	<b>22.500</b>
Proporción respecto Total	1%	2%	3%	1%	2%	1%
Proporción Rexistro e Visado	21%	4%	79%	96%		
<b>Variación respecto 2018</b>	<b>6%</b>	<b>7%</b>	<b>-18%</b>	<b>-23%</b>	<b>-14%</b>	<b>-22%</b>



<b>Obras de urbanización</b>						
Acta de (ou inf. para) aprobación do PSS	1	10	1	25	2	35
Acta de traza ou inicio de obra			1	25	1	25
Certificado final de obra	1	10	8	480	9	490
Documentación do seguimento e control da obra	2	20			2	20
Estado final de obra	1	10	4	60	5	70
Liquidación final	1	10			1	10
Oficio de dirección	5	50	3	75	8	125
Outro	2	20	1	25	3	45
Proxecto de urbanización	2	20	6	765	8	785
Solicitude do libro de incidencias	5	25			5	25
<b>Total Obras de urbanización</b>	<b>20</b>	<b>175</b>	<b>24</b>	<b>1.455</b>	<b>44</b>	<b>1.630</b>
Proporción respecto Total	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Proporción Rexistro e Visado	45%	11%	55%	89%		
<b>Variación respecto 2018</b>	<b>122%</b>	<b>192%</b>	<b>20%</b>	<b>-45%</b>	<b>52%</b>	<b>-40%</b>

<b>Planeamento</b>						
Estudo de detalle			2	302	2	302
Instrumento de equidistribución			1	60	1	60
Plan especial			1	361	1	361
<b>Total Planeamento</b>			<b>4</b>	<b>723</b>	<b>4</b>	<b>723</b>
Proporción respecto Total			0%	0%	0%	0%
Proporción Rexistro e Visado			100%	100%		
<b>Variación respecto 2018</b>			<b>-33%</b>	<b>-61%</b>	<b>-43%</b>	<b>-61%</b>
<b>Outros Traballos</b>						
Avaliación de impacto ambiental			3	180	3	180
Certificado de eficiencia enerxética	32	320	7	175	39	495
Estudo de xestión de residuos						
Estudo ou estudo básico de seguridade e saúde	3	30	5	300	8	330
Informe de avaliación de edificios (IAE)	40	400	10	250	50	650
Informe de inspección técnica de edificios (ITE)	113	1130	15	365	128	1495
Memoria de actividade	34	340	56	3090	90	3430
Pericias	140	1400	589	14035	729	15435
Proxecto parcial	8	80	6	274	14	354
<b>Total Outros Traballos</b>	<b>370</b>	<b>3.700</b>	<b>691</b>	<b>18.669</b>	<b>1.061</b>	<b>22.369</b>
Proporción respecto Total	6%	7%	5%	1%	5%	1%
Proporción Rexistro e Visado	35%	17%	65%	83%		
<b>Variación respecto 2018</b>	<b>-41%</b>	<b>-41%</b>	<b>-17%</b>	<b>-15%</b>	<b>-27%</b>	<b>-21%</b>
<b>TOTAL</b>	<b>6.681</b>	<b>55.970</b>	<b>14.051</b>	<b>1.842.387</b>	<b>20.732</b>	<b>1.898.357</b>
Proporción Rexistro e Visado	32%	3%	68%	97%		
<b>Variación respecto 2018</b>	<b>-3%</b>	<b>-4%</b>	<b>1%</b>	<b>-2%</b>	<b>0%</b>	<b>-2%</b>

## NORMATIVA TÉCNICA E PLANEAMENTO

Dado que se manteñen os traballos tramitados no 2019 respecto do 2018, o forte decremento das consultas de tramitación de expedientes (-19%) sinala a unha maior sintonía entre o programa de tramitación e o usuario, afianzando así a Guía de tramitación. Lembrar que esta supón a aplicación práctica, transversal e visual da tramitación unificada consonte a LOE, a LSG e o Decreto de visado colexial preceptivo.

O decremento das consultas de edificación e tramitación xeral cun incremento imperceptible das consultas de urbanismo indica unha maior seguridade do usuario á hora de afrontar os expedientes, tanto na súa elaboración técnica coma na súa tramitación administrativa.

O incremento nos tempos de resposta agás na tramitación colexial, semella ter máis que ver cunha eficacia do servizo dificilmente superable e cunha maior complexidade dos temas tratados, cuestión manifesta nas consultas urbanísticas. Isto é coherente coa mellora dos encargos ós colexiados analizada máis arriba.

Na táboa que segue detállanse as consultas feitas mediante a plataforma web:

ano	2018		2019		Δ 2019/2018	
ámbito	número	días	número	días	número	días
Edificación	506	1,30	464	1,46	-08 %	+12 %
Urbanismo	128	1,10	129	1,68	+01 %	+53 %
Tramitación Xeral	483	0,90	451	1,03	-07 %	+14 %
Tramitación Expedientes	1.116	0,95	909	0,83	-19 %	-13 %
<b>Total</b>	<b>2.228</b>	<b>1,00</b>	<b>1.949</b>	<b>1,08</b>	<b>-13 %</b>	<b>+08 %</b>

## ÁREA DE INFORMÁTICA

### INTRODUCCIÓN

A continuación descríbense esquematicamente os principais traballos realizados pola Área de Informática no ano 2019. Nesta exposición non se inclúen as tarefas de mantemento e soporte de sistemas ou aplicacións, así como as actividades ou traballos de soporte e atención a áreas/usuarios internos.

### TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS

Participouse nos grupos de traballo para xeneración de dúas ferramentas coordinadas polo CSCAE: dunha parte a “plataforma de visado interterritorial”, para permitir una homoxenización de formatos e unha maior axilidade na tramitación de traballos profesionais fóra do colexio de orixe, e a ferramenta para a levanza en obra do Libro de Ordes e Asistencias en formato web/app.

Introducíronse funcionalidades para mellorar os procedementos administrativos cos COAAT, de cara a axilizar e dixitalizar completamente o proceso de emisión de dilixencias para a tramitación dos CFO.

Rematouse a parte funcional da nova ferramenta de tramitación de traballos profesionais (COAGEstudioWeb) -parte servidora-. Planificouse a saída dunha versión “beta” para o primeiro cuadrimestre de 2020, unha vez se peche a parte de deseño e usabilidade da aplicación web por parte da empresa especializada contratada. Este desenvolvemento, que sufriu diversos retrasos para a súa materialización, baséase na participación dun grupo de traballo de colexiados escollidos polo seu diverso perfil de tramitación de traballos profesionais, e ten como obxectivo a xeneración dunha ferramenta de tramitación de uso máis áxil e multiplataforma.

### ESTADÍSTICAS DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS

Participouse nos traballos de xeneración dun novo informe estatístico de tramitación de traballos profesionais, así como no establecemento das bases de información necesarias para alimentar os modelos de informe para sucesivos períodos, do xeito máis automático posible. Fornecéronse así mesmo os datos nos formatos solicitados ata decembro de 2019 para posibilitar o desenvolvemento deste traballos.

### INCORPORACIÓN DOS SISTEMAS DE SEMINARIOS WEB

Acometéronse as tarefas de análise, aprovisionamento, integración e posta en marcha dun sistema para a realización de seminarios web como ferramenta do COAG para a difusión de contidos en liña, que habilítase a participación dos asistentes en diversas modalidades (chat, audio), e a gravación automática das sesións. Este sistema púxose en funcionamento efectivo por primeira vez no marco dos cursos de aproximación á metodoloxía BIM e sobre coordinación rexistro-catastro, celebrados en 2019.

### AUTOMATIZACIÓN DA AXENDA DE EVENTOS DO COAG

Realizáronse os desenvolvementos precisos para automatizar e centralizar os eventos de interese para o colexiado desde as distintas fontes de xestión do COAG e os seus ámbitos (normativa, xornadas técnicas, formación, institucional...). Estes eventos quedan reflectidos nunha única axenda que se pode consultar na portada da web do Colexio e que permite a subscripción aos colexiados que o desexen, para a creación de recordatorios, a integración coa axenda propia, etc.

## DESENVOLVEMENTO DE ESPAZOS WEB DE XESTIÓN INTERNOS

Articulouse o desenvolvemento dun espazo central web onde se recollen os novos procedementos desenvolvidos no COAG, co obxectivo de contribuír a formalizar o funcionamento da estrutura interna. Así, xeneráronse dous novos espazos web restrinxidos, un para o ámbito directivo ([www.coag.es/directivos](http://www.coag.es/directivos)) e outro a xeito de intranet ([intranet.coag.es](http://intranet.coag.es)).

## MELLORAS NA APROBACIÓN INTERNA DE FACTURAS DE COMPRA

Axiláronse os procedementos internos para o tratamento e aprobación das facturas de compra por parte das tesourerías do Colexio, introducindo novas funcionalidades para a incorporación de facturas, revisión e ordes de pagamento.

## NOVO ESPAZO WEB PARA A AGRUPACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES

Xenerouse un novo espazo web para os membros da Agrupación de Peritos e Forenses do COAG, con mantemento de contidos por parte da propia Agrupación. O sistema de validación de usuario/contrasinal integrouse co utilizado na web do COAG, a través dun mecanismo que potencialmente se poderá reutilizar para novos espazos web similares.

## ENTRADA EN VIGOR DO NOVO REGULAMENTO EUROPEO DE PROTECCIÓN DE DATOS E DA LEY ORGÁNICA 3/2018

A raíz da entrada en vigor da Lei Orgánica 3/2018, realizáronse as adaptacións pertinentes na documentación e nos procedementos internos do COAG, facendo especial fincapé na formalización e difusión das políticas internas de seguridade da información e protección de datos.

## OUTROS DESENVOLVEMENTOS E TRABALLOS

- **Colexición 2020.** Configuracións e automatización da campaña de colexiación e servizos voluntarios.
- **Premios, plataforma online.** Adaptacións das condicións de presentación e disposición e soporte da plataforma para a presentación das diferentes obras candidatas aos premios GDA2019.
- **Soporte á participación telemática nas Xuntas Xerais.** Incorporáronse melloras na participación por vía telemática nas Xuntas Xerais e deuse soporte á organización e desenvolvemento de estas.
- **Proceso de inscrición e facturación no congreso “Uniscape”.** Fixéronse as adaptacións necesarias para automatizar a inscrición, o pago, e a facturación de todos os asistentes ao congreso internacional “Uniscape”.
- **Melloras de seguridade nas web colexiais,** coa implantación xeneralizada do protocolo ssl (https).
- **Melloras no apartado de utilidades e modelos.** Introducción dunha clasificación xerárquica, buscador e opción bilingüe galego/castelán.
- **Apoio ao servizo de formación.** Impartición das sesións de “Sinatura electrónica e outros aspectos TIC” no marco do Curso de Práctica Profesional 2019. Realización e difusión de gravacións de sesións presenciais. Deseño inicial do mecanismo de preinscrición nas actividades formativas. Achega de datos para o informe de análise 2015-2018.
- **Axenda coordinada das salas do COAG.** Articuláronse formalmente as axendas das salas das delegacións do COAG, para coordinar o seu uso, evitar solapamentos de eventos, e mellorar a planificación.
- **Lanzamento da enquisa sobre tramitación municipal e sectorial.** Recompilación de datos e xeneración de cadros de análise.

**Estatísticas de tramitación de traballos profesionais.** Colaborouse co CSCAE na achega das estatísticas de visado no novo formato establecido.

## COMISIÓN DE CONCURSOS

Un dos fins esenciais do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia é procurar o perfeccionamento da actividade profesional dos arquitectos, así como realizar as prestacións de interese xeral propias da Arquitectura e do Urbanismo que se consideren oportunas, ou que lle encomenden os poderes públicos conforme á Lei. Todo iso de acordo a:

- O texto consolidado da Lei estatal 2/1974 estatal de 13 de febreiro sobre Colexios profesionais, e da Lei 11/2010 autonómica de 18 de setembro,
- Os Estatutos do Colexio de Arquitectos aprobados segundo o Decreto autonómico 105/2016, e
- Os Estatutos do CSCAE, aprobados segundo o Real Decreto do Ministerio de Fomento número 129/2018, de 16 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais dos Colexios de Arquitectos e do seu Consello Superior.

Así nesta liña de actuación, con coñecemento do Decanato e da Secretaría colexial, así como co propio saber a través de Xunta de Goberno colexial dos responsables desta área, que tras as eleccións de 27 de maio de 2019, foron designados responsables destas comisións as seguintes persoas, (sesións de 12/2019 de 1 de agosto e 13/2019 de 12 de setembro- circular colexial nº 19 de 24/09/2019):

- Comisión de Concursos colexial D. Antonio Davila Alonso (Responsable) e Dona Carmen Figueiras Lorenzo

Até as eleccións de maio de 2019, os responsables colexiais, eran: Don Cristóbal Crespo González (vogal da Coruña) e Don Fernando Taberner Duque (vogal libre),

Así baixo esta responsabilidade compartida, no ano 2019, realizáronse as seguintes actuacións:

### ÁMBITO DE CONCURSOS

Neste exercicio realizáronse as seguintes accións:

- Velar pola transparencia dos concursos convocados polas diferentes Administracións.
- Seguimento dos concursos que obran na plataforma de concursos públicos do CSCAE, sobre os cales o COAG estableceu convenio para ofrecelo baixo subscripción aos seus colexiados.
- Neste ano realizouse proposta de convenios para a colaboración colexial na convocatoria dos seguintes concursos públicos: (\*)
  - **Co concello de Ourense:** Concurso de ideas con intervención de xurado para a mellora das marxes do río Miño ao seu paso pola cidade de Ourense (COAG Ourense)
  - **Co concello de Xinzo de Limia:** Concurso de ideas para a remodelación do parque público do Toural e a súa contorna inmediata. (COAG Ourense)
  - **Co concello de Bueu:** Concurso de ideas para a mellora das condicións de urbanización do barrio mariñeiro de Banda do Río. (COAG Pontevedra)
  - **Co concello de Santiago de Compostela:** Convocatoria de dous Concurso de ideas: un para a remodelación da Avda. Xoan XXIII e outro para a remodelación do antigo Matadoiro (COAG Santiago) (\*)

(\*) Facer constar que nalgúns casos, a proposta de convenio de colaboración non prosperou.

Tras a firma de convenio previo no ano 2018 para a xestión de convocatoria de concurso específico, realizáronse as seguintes accións en cada caso:

- **Co concello de Xove:** Sobre o Concurso de ideas e anteprojectos para a remodelación da praza, renovación estética do conxunto edificado, e da accesibilidade que conforma o centro cívico municipal do concello de Xove. **Elabórouse como primeira fase, consistente na redacción dun prego técnico para que puidesen licitar o IEE dos edificios que conforman o conxunto edificado.** (COAG Lugo)
- **Co concello de Tui:** Sobre o Concurso de proxectos a nivel de ideas para a reordenación da fronte fluvial do río Miño ao seu paso pola cidade de Tui. **Tras a súa convocatoria, fíxose o seguimento do mesmo, fallándose consecuentemente. En devandito fallo, o COAG participou activamente designando un vogal no xurado.** (COAG Vigo)
- **Co concello de Ames:** Concurso de ideas con intervención de xurado para a construción de edificio para centro multidisciplinar de lecer, cultura e promoción económica dirixido á mocidade e persoas en exclusión social no Concello de Ames. Sobre este concurso elaborouse por parte do COAG, o Prego de condicións de bases para posibilitar a súa convocatoria. (COAG Santiago)

Tamén neste ano, realizáronse as seguintes tarefas de apoio á área de concursos:

- Elaborouse a instancia da nova Decana, un informe relativo ao estado do servizo de concursos do COAG, así como unha proposta relativa a certas consideracións para a posible mellora da plataforma de licitación de concursos que o CSCAE presta ao COAG.
- Elaborouse a instancia do novo vocal encargado de concurso unha análise dos concursos convocados polo IGVS en Ferrol vello.

O COAG participou como xurado nos seguintes concursos convocados por outros organismos:

- Concurso convocado polo Parlamento de Galicia, para a mellora da accesibilidade do Pazo do Hórreo e suprimir barreiras arquitectónicas. (Titular: D. Perfecto Centón Domínguez, Suplente: Antonio Davila Alonso).
- Concurso convocado pola Xunta de Galicia, para a reforma interior e reorganización da ocupación do Complexo Administrativo da Xunta de Galicia en San Caetano. (Titulares: D. Alfonso Salgado Suárez e D. Javier Antonio Franco Rabuñal. Suplentes: D. Antonio Davila Alonso e D. Óscar Pedrós Fernández)
- Concurso convocado por Zona Franca, para a construción de dous edificios «World Car Center» (WCC) en Vigo. (Titulares: D. Antonio Davila Alonso e D. Alberto de Paula Prieto)
- Concurso para a construción dun auditorio en Marín. (Titular: D. Anselmo Villanueva Peón, Suplente: D. Carlos Berride Abalo)
- Concurso para a remodelación da Praza do Mar de Sanxenxo. (Titular: D. Celestino García Braña)

## ÁMBITO DE NORMATIVA

Mensualmente, e cun avance quincenal confecciónase e envíase aos colexiados que estean de alta no servizo de normativa, Informe daquela normativa de interese para a profesión, así como o estado do plan urbanístico, o cal se publica diariamente no D.O.G de Galicia; no B.O.E.; nos BOP's provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra; así como no Diario Oficial da CEE.

Así no ano 2019, realizáronse as seguintes comunicacións os colexiados adscritos a este servizo colexial, as cales foron comunicadas á secretaría colexial para instar a súa difusión, nas seguintes datas:

- Xaneiro de 2019: Comunicado o 31/01
- Febreiro de 2019: Comunicado o 28/02



- Marzo de 2019: Comunicado o 01/04
- Abril de 2019: Comunicado o 30/04
- Maio de 2019: Comunicado o 31/05
- Xuño de 2019: Comunicado o 01/07
- Xullo de 2019: Comunicado o 31/07
- Agosto de 2019: Comunicado o 02/09
- Setembro de 2019: Comunicado o 30/09
- Outubro de 2019: Comunicado o 31/10
- Novembro de 2019: Comunicado o 02/12
- Decembro de 2019: Comunicado o 08/01/2020

Todos os informes obran no seguinte enlace: <http://www.coag.es/normativa/gl/default.asp>

Entre outras, no ano 2019, destaca a publicación da lexislación seguinte, contida nos anteriores informes:

#### TÉCNICA

- **RENOVACIÓN DE EDIFICIOS. RECOMENDACIÓN UE**  
Recomendación (UE) 2019/786 da Comisión, de 8 de maio de 2019, relativa á renovación de edificios DOCCEE 16/05/2019
- **PISCINAS EN GALICIA**  
DECRETO 119/2019, do 19 de setembro dá Consellería de Sanidade, polo que se regulan vos criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia (códigos de procedemento SA431D, SA431C e SA431E). DOG 8/10/2019 e corrección de erros DOG 25/10/2019
- **CATÁLOGO DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS, ACTIVIDADES RECREATIVAS E ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO DE GALICIA**  
DECRETO 124/2019, do 5 de setembro dá Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se aproba ou Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público dá Comunidade Autónoma de Galicia e establécense determinadas disposicións xerais de aplicación na materia. DOG 14/11/2019
- **NORMAS TÉCNICAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE GALICIA**  
ORDE do 10 de outubro de 2019 dá Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia. DOG 25/11/2019
- **CÓDIGO TÉCNICO DA EDIFICACIÓN. MODIFICACIÓN**  
MODIFICACIÓN Real Decreto 732/2019, de 20 de decembro, polo que se modifica ou Código Técnico dá Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo. BOE 27/12/2019. Modifica ou DBHE, ou DBHS, e ou DBSI. Así todas as referencias UNE de tódolos DBs, incluso do DBSE, do DB SUA e do DB HR.

#### SECTORIAL

- **MEDIDAS URXENTES EN MATERIA DE VIVENDA E ALUGUER**  
Real Decreto-lei 7/2019, de 1 de marzo, de medidas urxentes en materia de vivenda e aluguer BOE 5/03/2019
- **PROPIEDAD INTELECTUAL**  
Lei 2/2019, de 1 de marzo, pola que se modifica ou texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, e polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2014/26/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014, e a Directiva (UE) 2017/1564 do Parlamento Europeo e do Consello, de 13 de setembro de 2017. BOE 02/03/2019
- **CATALOGACIÓN DE PRAIAS DE GALICIA.**  
DECRETO 38/2019, do 14 de marzo dá Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que se aproba a catalogación dous tramos urbanos e naturais das praias de Galicia. DOG 12/04/2019
- **LEI DE REHABILITACIÓN E DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS**  
LEI 1/2019, do 22 abril dá Presidencia dá Xunta de Galicia, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. DOG 01/05/2019 e BOE 27/05/2019
- **MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DÁ LEI DO SOLO DE GALICIA**





DECRETO 92/2019, do 11 de xullo dá Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que se modifica ou Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba ou Regulamento dá Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do só de Galicia. DOG 31/07/2019

- **INSTRUCCIÓN INTERPRETATIVA PARA A APLICACIÓN DO CAPÍTULO V DO TÍTULO I DÁ LEI 1/2019, DO 22 DE ABRIL, DE REHABILITACIÓN E DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DE GALICIA** RESOLUCIÓN do 2 de agosto de 2019 dá Instituto Galego dá Vivenda e Solo DOG 13/08/2019

- **LEI DO PATRIMONIO NATURAL E DÁ BIODIVERSIDADE DE GALICIA**

Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e dá Biodiversidade de Galicia. Presidencia dá Xunta de Galicia. DOG 07/08/2019

- **COMPETENCIAS NA ZONA DE SERVIDUME DE PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE EN GALICIA**

DECRETO 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias dá Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre. DOG 09/08/2019

- **LEI DE CONTRATOS. MODIFICACIÓN**

Regulamento Delegado (UE) 2019/1827 dá Comisión de 30 de outubro de 2019 que modifica a Directiva 2014/23/UE do Parlamento Europeo e do Consello non que se reflicte ao límite para as concesións ( 1 ) DOCE 05/11/2019 DOCE 31/10/2019 - Regulamento Delegado (UE) 2019/1828 dá Comisión de 30 de outubro de 2019 que modifica a Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello polo que se reflicte aos límites para vos contratos públicos de obras, subministracións e servizos e vos concursos de proxectos ( 1 ) DOCE 31/10/2019 - Regulamento Delegado (UE) 2019/1829 dá Comisión de 30 de outubro de 2019 que modifica a Directiva 2014/25/UE do Parlamento Europeo e do Consello polo que se reflicte aos límites para vos contratos públicos de obras, subministracións e servizos e vos concursos de proxectos ( 1 ) DOCE 31/10/2019 - Regulamento Delegado (UE) 2019/1830 dá Comisión de 30 de outubro de 2019 que modifica a Directiva 2009/81/CE do Parlamento Europeo e do Consello polo que se reflicte aos límites para vos contratos de obras, subministracións e servizos DOCE 31/10/2019 Nota: Será aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2020.

- **LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS DE GALICIA**

LEI 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. DOG 27/12/2019 **Modificou** mais de 40 leis e demais referencias legais galegas, algunha de especial interese para a profesión, como foron as seguintes:

- A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección dá paisaxe de Galicia. Artº 8 e 12 - Artigo 13
- Modificación dá Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do só de Galicia. Artº 21,29, 34,39, 78, 90, DT1º, DT3º - Artigo 14
- Modificación do Decreto 92/2019, que modificou a súa vez ou Decreto 143/2019 sobre Ou Regulamento dá Lei do Solo de Galicia. Artº DT única. - Artigo 15.
- Modificación dá Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. Artº 14,15,43,105 e 113 - Artigo 16.
- Modificación dá Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e dá Biodiversidade de Galicia. Artº 136, DT9 - Artigo 17.
- Modificación dá Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra vos incendios forestais de Galicia. Artº 12, 21, e 22 bis - Artigo 18.
- Modificación dá Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de Terras. Artº 3 e 47 - Artigo 19. Modificación dá Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora dá estrutura territorial agraria de Galicia. Artº DÁ5 - Artigo 21.
- Modificación dá Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Artº 19, 22, 27, 45bis, 47, 48, 55, 61, 63 e DÁ1 - Artigo 22.
- Modificación dá Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia. Artº 102,137, DT6 - Artigo 26.
- Modificación do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción dá autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e determínase ou sistema de participación das persoas usuarias non financiamento do seu custo. Anexo II epígrafes 0104 e 0106 sobre de asistencia en vivendas comunitarias. Artº 5, 13, 23, Anexo I, Anexo II - Artigo 30.



- Modificación dá Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia. Artº 31 - Artigo 31.
- Modificación dá Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias. Artº 32 e 82 - Artigo 33.
- Modificación dá Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia. Artº 4 e 65 bis - Artigo 34.
- Modificación dá Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Artº 78 - Artigo 41.
- Modificación dá Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Artº 8, DÁ 6, DT1, DT2, DD única, DD1 e DD2 Vigor: 1 de xaneiro de 2020 DOG 27/12/2019

Ademais no ano 2019 realizáronse as seguintes tarefas no ámbito de comunicación técnica, a cal se comunicou convenientemente aos colexiados do COAG:

- Actualizáronse todos os Modelos de Utilidades colexiais e as fichas de accesibilidade e habitabilidade do COAG. Tra-la correspondente Convocatoria dun proceso de selección para a contratación, en réxime de arrendamento de servizos, dun/dunha arquitecto/a para realizar traballos vinculados á actualización de normativa técnica e de urbanismo, realizada mediante a [circular 21 2018](#), a tarefa foi desenvolvida polo colexiado Pablo Castro Pais
- Actualizáronse as UTILIDADES referente ao novo Decreto de Piscinas e de Campamentos públicos en Galicia
- Actualizouse a listaxe de Normativa de Obrigado Cumprimento (NOC)
- Realizouse un informe colexial referente ao cumprimento da Lei 1/2019, de 22 abril de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia

## COMISIÓN DE COMUNICACIÓN

Tra-las eleccións de 27 de maio de 2019, foron designados responsables desta comisione as seguintes persoas, (sesións de 12/2019 de 1 de agosto e 13/2019 de 12 de setembro- circular colexial nº 19 de 24/09/2019):

- Comisión de Comunicación Dona Elena Ampudia Aixendri (Responsable): Dona Elvira Carregado Pazos e D. Angel Cid Carballo

Durante o ano 2019, publicáronse un total de 532 novas na páxina web, un 5% máis que no ano 2018 (507).

Realizouse o envío de 43 Circulares, das que 26 corresponden á Secretaría e outras 17 ás distintas Delegacións.

Fixéronse un total de 276 envíos por correo electrónico aos colexiados, entre os envíos xerais e os específicos de cada Delegación.

Realizouse o envío de 51 Boletíns de Información semanal, contendo as novas activas na páxina web, que se remite a todos os colexiados os mércores.

No apartado na páxina web chamado “COAG Actúa”, están recollidas as distintas actuacións levadas a cabo polo Colexio en defensa dos intereses da profesión. Durante o ano 2019 leváronse a cabo as seguintes:

Data	Concepto
17/01/2019	<a href="#">O Concello de Tomiño estima o recurso de reposición interposto polo COAG en impugnación da licitación para a contratación da redacción do Plan de Mobilidade Urbano Sustentable (PMUS).Resolución (enlace)</a>
21/01/2019	<a href="#">Observacións do COAG ao anteproxecto de modificación do Decreto 143/2016 Texto das Observacións do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ao anteproxecto de modificación do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Observacións COAG.</a>
11/02/2019	<a href="#">O COAG presenta recurso especial en materia de contratación contra o contrato de «Asistencia técnica para la redacción y tramitación de la delimitación de espacios y usos portuarios (DEUP) y el Plan Especial del Puerto de Vigo» Acceso ao texto do recurso.</a>
14/02/2019	<a href="#">Solicitud de modificación remitida polo COAG a Nauta Sanxenxo. O COAG remite escrito a Nauta Sanxenxo solicitando a modificación da interpretación que viña ofrecendo -a través das respostas ás consultas feitas polos interesados en participar- da cláusula 11.1 do prego de bases en relación á acreditación da solvencia económica e financeira ao obxecto de admitir, clarificar e difundir, para xeneral coñecemento dos potenciais licitadores, que as [...]</a>
15/03/2019	<a href="#">Recurso de reposición contra as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo de ingreso ao corpo de profesor/a técnico de FP, especialidade fabricación e instalación de carpintaría e moble, IES Calvo Sotelo, da Deputación de A Coruña. Acceso ao texto do recurso.</a>
23/03/2019	<a href="#">Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales en relación ao recurso especial presentado polo COAG en impugnación dos pregos da licitación para contratar a redacción da delimitación de usos portuarios e o plan especial do porto de Vigo. O Tribunal, informa de que tras posteriormente á presentación do recurso a Autoridade Portuaria anulou a licitación para modificar os pregos e convocar outra nova e así indica: » Puesto que el órgano de contratación ha “anulado” la licitación (rectius, ha desistido de ella), manifestando su intención de modificar los pliegos para después iniciar una [...]</a>
15/04/2019	<a href="#">Suxestións do COAG ao proxecto de Orde das titulacións que permiten o acceso ao corpo de profesores interinos. O COAG presenta unha serie de suxestións ao “Proxecto de Orde pola que se dá publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidade e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de [...]</a>
29/04/2019	<a href="#">Enquisa sobre tramitación Municipal e Patrimonio. Na súa sesión 3/2019, do 6 de marzo, a Xunta de Goberno aprobou o establecemento dunha enquisa para o seguimento dos expedientes colexiais nos procesos de</a>



	<a href="#">autorización Municipal e tramitacións en Patrimonio. O obxectivo desta enquisa é dispoñer de información cuantitativa sobre estes procesos de autorización que permitan ao Colexio levar a cabo accións de [...]</a>
15/05/2019	<a href="#">A Deputación Provincial da Coruña estima o recurso do COAG contra as bases para o proceso selectivo de ingreso ao corpo de profesor/a técnico de FP, especialidade de carpintería e moble, IES Calvo Sotelo. Acceso ao documento.</a>
11/11/2019	<a href="#">Alegacións ó Anteproxecto de Decreto polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o seu rexistro na Comunidade Autónoma de Galicia. Presentadas alegacións ao anteproxecto. Poden consultarse no seguinte ENLACE.</a>
11/11/2019	<a href="#">Recurso de reposición ás listas de interinidades de profesores. O Colexio presentou recurso de reposición en impugnación da Resolución do 8 de outubro de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de Artes plásticas e deseño (595), especialidades de deseño [...]</a>
11/11/2019	<a href="#">Recurso especial ao expediente da Terminal de Autobuses de Lugo. O Colexio presentou recurso especial en materia de contratación contra a licitación para a contratación do servizo para a redacción do proxecto da Terminal de Autobuses integrada na Estación Intermodal de Lugo, cofinanciada nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. [...]</a>
13/11/2019	<a href="#">Recurso de reposición proxecto urbanización Estación de Autobuses de Lugo. O Colexio presentou recurso de reposición en impugnación da licitación do servizo para a redacción do proxecto básico para urbanización dunha praza pública na parcela da actual Estación de Autobuses de Lugo. RECURSO.</a>
27/11/2019	<a href="#">Recurso de reposición dirección das obras de remodelación e dotación da Praza da Igrexa e Rúa das Escolas en Fornelos de Montes. O COAG presentou recurso contra a licitación do servizo de dirección de execución das obras de remodelación e dotación da Praza da Igrexa e Rúa das Escolas en Fornelos de Montes. Texto do recurso.</a>
29/11/2019	<a href="#">Personamento no recurso contra a licitación do pavillón municipal Vista Alegre en Burela. O COAG personase como interesado en defensa das competencias da profesión, no P.O N° 370/2019F no Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, procedemento iniciado por recurso contencioso administrativo do Colexio de Enxeñeiros de Camiños en impugnación da licitación do concello de Burela para a adxudicación do contrato de servizos de redacción de proxecto de execución das [...]</a>
03/12/2019	<a href="#">Suxestións presentadas ao "Proxecto de decreto polo que se aproban as directrices de paisaxe de Galicia". O Colexio presentou o día 3 de decembro suxestións ao "Proxecto de decreto polo que se aproban as directrices de paisaxe de Galicia", da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. SUXESITIÓNS</a>
09/12/2019	<a href="#">Recurso contra o procedemento de selección de persoal funcionario interino técnico turismo Deputación a Coruña. O COAG presenta recurso de apelación en impugnación da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de A Coruña no P.O 1/2019, pola que se desestima o recurso contencioso administrativo presentado polo COAG (28/12/2018) en impugnación do procedemento convocado pola Deputación da Coruña para a selección de persoal funcionario interino e/ou laboral para técnico [...]</a>
09/12/2019	<a href="#">Resolución do recurso do COAG la licitación do concurso da praza da Igrexa e Rúa das Escolas de Fornelos de Montes. O Concello de Fornelo de Montes resolve o recurso de reposición interposto polo COAG impugnación da licitación do servizo da dirección de execución das obras de "Remodelación e dotación da praza da Igrexa e Rúa das Escolas" (Expediente 262/2019) e considerando que as alegacións do COAG (e dou outro Colexio recorrente) se axustan a Dereito [...]</a>
19/12/2019	<a href="#">Recurso de reposición licitación da sede do Instituto Galego de Física e Altas Enerxías. O COAG presenta recurso de reposición en impugnación da licitación para adxudicar o contrato de servizos para a redacción do proxecto básico e do proxecto de execución de reforma e ampliación da sede do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías. ACCESO AO RECURSO</a>

No que fai ás redes sociais, a actividade levada a cabo no ano 2019 foi a seguinte:

Facebook	Twitter	Instagram
<ul style="list-style-type: none"> <li>· 4.190 fans, un 16,39% máis.</li> <li>· 800 posts.</li> <li>· 1.065.438 impresións (veces que se ve).</li> <li>· 463.698 persoas viron publicacións</li> <li>· Alcance semanal sobre 8.900 – 9.000 persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· A 3ª máis vista dos COAs de España, tras Madrid e Cataluña</li> <li>· 6.000 seguidores, un 8,44 % máis.</li> <li>· 1.601 tuits</li> <li>· 1.282.900 impresións (veces que se ve).</li> <li>· 15.236 visitas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· 2.450 seguidores, un 77,14% máis.</li> <li>· 11 post cada semana de media, 2 en días laborais e 1 en fin de semana.</li> <li>· 525 publicacións</li> <li>· 8.301 impresións por semana.</li> </ul>

## COMISIÓN DE FORMACIÓN

Impulsouse novamente a actividade formativa do Colexio a través de cursos propios, convenios con entidades externas de formación e organización de diferentes eventos e xornadas de contido técnico nas Delegacións.

Definíronse os criterios para a articulación dos contidos a abordar dentro das actividades formativas do COAG, establecéndose as seguintes modalidades:

	MODALIDADE FORMATIVA	CONTIDOS QUE DESENVOLVE
1	<b>CURSOS PROPIOS</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>· actualización profesional [&lt;30h]</li> <li>· especialización [&gt;30h]</li> </ul>	<b>Materias que son inherentes e específicas da arquitectura e o seu ámbito competencial</b>
2	OFERTAS COLECTIVAS DE ENTIDADES DE FORMACIÓN EXTERNA	Materias que son transversais a outras disciplinas, pero que son demandadas polos colexiados por supoñer unha mellora na súa capacitación profesional (ferramentas informáticas, habilidades, etc)
3	XORNADAS TÉCNICAS	Aspectos técnicos de gran especificidade relacionados coa aplicación e empleabilidade de materiais e produtos concretos vinculados ó sector da construción.

### 1 | CURSOS PROPIOS. LIÑAS ESTRATÉXICAS E CRITERIOS DE DESEÑO

Ao longo do ano 2019 avanzouse nas liñas de traballo e nos obxectivos definidos durante o ano anterior, ampliando a oferta formativa con dúas liñas formativas máis (un total de 5) e aumentando notablemente tanto o número de horas de formación ofertadas como o de alumnos e o de horas totais cursadas.

As principais liñas de traballo abordadas por esta comisión durante o exercicio 2019 foron as seguintes:

Continuouse a impulsar a actividade formativa do COAG, desenvolvendo as [liñas estratéxicas](#) do servizo, **co obxectivo de adecuar a oferta formativa ás necesidades e demandas reais dos colexiados**. Como aspectos necesarios para a consecución de ditos obxectivos, as accións formativas do COAG deséñanse para dar cumprimento a:

#### 1. OBXECTIVOS DE CALIDADE E DOS CONTIDOS ABORDADOS

- A formación propia do Colexio de Arquitectos debe ser unha formación especializada nas materias que forman parte do ámbito competencial directo dos arquitectos, e debe estar orientada, deseñada e dirixida, de forma particularizada (tanto en contidos coma en formato), a dar cobertura ás necesidades dos arquitectos de Galicia. Por este motivo
- Por este motivo, descártanse os cursos de contido “xeralista” e estandarizado, e desenvólvense temáticas deseñadas especificamente para dar resposta ás particularidades do noso colectivo.
- Priorízanse os enfoques prácticos das accións formativas, de forma que o aproveitamento da adicación presencial por parte dos alumnos sexa máximo, complementándose, cando é necesario, a carga teórica co apoio da plataforma de formación on line.

- Compléméntase o desenvolvemento dos cursos poñendo a disposición dos alumnos na plataforma de formación on-line actividades (de carácter voluntario ou non, en función do curso) tales como tests de autoavaliación, exercicios prácticos, que, tutelados polos profesores, axuden a fixar os conceptos básicos, a resolver as dúbidas e a ter un marco onde aplicar os coñecementos adquiridos. Ao longo de 2019, e como mellora das actividades presenciais, afondouse nas posibilidades do formato semi presencial mediante a utilización xa case de maneira sistematizada do soporte on-line, con moi boa aceptación por parte dos colexiados. Ademais, comezáronse a desenvolver contidos complementarios en formato on line, mediante seminarios web impartidos en directo, tamén con boa aceptación por parte dos colexiados.

## 2. OBXECTIVOS DE DESEÑO E DE MODALIDADE DAS ACCIÓS FORMATIVAS

Os perfís dos alumnos que utilizan o servizo de formación do COAG e moi diverso, non só en intereses temáticos, senón tamén en idades, dispoñibilidade de tempo, dispoñibilidade económica, idades, circunstancias persoais e profesionais.

Por iso, e tras analizar os datos das enquisas respostadas por eles e os extraídos dos participantes nos diferentes cursos propios, e co obxecto de que todos os colexiados interesados en formarse en diferentes aspectos podan acceder a formación que lles resulte compaxinable coas súas circunstancias, o COAG desenvolve, de maneira simultánea, **dúas tipoloxías formativas:**

### 2.1. Cursos de actualización profesional.

Cursos de duración breve (inferior a 30 horas) sobre materias concretas e acoutadas. Dirixidos fundamentalmente a cubrir as necesidades dos colexiados que teñen interese en manter actualizados os seus coñecementos pero contan cunha dispoñibilidade de tempo ou de medios limitada. Tendo en conta o perfil dos destinatarios principais, este tipo de cursos convócanse nun número de edicións proporcional á demanda xerada, e en diferentes ubicacións, co obxectivo de facelas o máis accesibles posibles ao máximo número de colexiados.

### 2.1. Cursos de especialización

Cursos destinados a cubrir a demanda de formación ampla e especializada. O número de colexiados que demandan este tipo de formación é, en global, inferior ao número de colexiados que demandan cursos de actualización, xa que supoñen unha inversión económica e de tempo moito mais elevada. Por este motivo, ábrese aos alumnos nunha edición única (salvo casos moi excepcionais de demandas extraordinarias sobre temas de actualidade, como foi o caso do curso de Servidumes e Limitacións Sectoriais no Urbanismo, celebrado en maio e xuño en tres ubicacións).

Cursos de duración superior a 30 horas (e ata 400), nos que se desenvolven en profundidade materias relacionadas con diferentes ámbitos. Contan, na maior parte dos casos, con recoñecemento e valoración por parte de organismos oficiais (EGAP, por exemplo).

## 3. OBXECTIVOS ECONÓMICOS

No deseño das actividades formativas dáse cumprimento a unha dobre esixencia económica:

- 3.1. Que, en aplicación do disposto na Lei 25/2009, as actividades formativas **sexan sostibles mediante os ingresos obtidos das matrículas dos alumnos.**


- 3.2. **Que os prezos de matrícula estean nun rango considerado “razoable” polos colexiados, de forma que sexan accesibles**, sen que por iso se perda a atención personalizada e particularizada aos alumnos.

## 2 | LIÑAS FORMATIVAS E ACCIÓNS DESENVOLVIDAS EN 2019


As principais liñas de traballo abordadas por esta comisión durante o exercicio 2019 foron as seguintes

### LIÑAS FORMATIVAS

Durante o ano 2019, no deseño das actividades formativas de actualización profesional, desenvóléronse e potenciáronse 5 liñas temáticas, incrementándose en dous a oferta do ano anterior:



O seguinte esquema resume a planificación de cursos por liñas formativas:



A continuación, descríbense os contidos de cada unha delas, xunto cos cursos desenvolvidos e os datos máis significativos de cada un deles:

### LIÑA 1: METODOLOXÍA BIM PARA ARQUITECTOS

Tenta ser unha axuda ao arquitecto na necesaria transición desde un entorno CAD a un entorno de traballo baseado en procesos BIM. Para iso, o arquitecto terá que:

- ∅ Coñecer os aspectos fundamentais da metodoloxía: as posibilidades, cualidades e potencialidades dos procesos BIM no sector da edificación
- ∅ Tomar contacto coas ferramentas dixitais dispoñibles no mercado.
- ∅ Coñecer los aspectos clave para a implantación da metodoloxía BIM nun estudo de arquitectura.

Modalidade semipresencial.

Aprendizaxe práctica utilizando a ferramenta ou ferramentas de modelado elixidas por cada alumno [Allplan, Archicad, Edificuis, Revit



CURSO	UBICACIÓN	HORAS OFERTADAS	ALUMNOS	HORAS CURSADAS
Aproximación á metodoloxía BIM para arquitectos	A Coruña	90	50	2.250
Implantación de metodoloxía BIM en estudos de arquitectura. Parte I, Análise da situación actual	A Coruña	45	29	1.305
Implantación de metodoloxía BIM en estudos de arquitectura. Parte II, Fixación de obxectivos e plan de implantación BIM	A Coruña	45	11	495
Aproximación á metodoloxía BIM para arquitectos	Lugo	45	16	720
Implantación de metodoloxía BIM en estudos de arquitectura. Parte I, Análise da situación actual	Ourense	45	8	360
Implantación de metodoloxía BIM en estudos de arquitectura. Parte II, Fixación de obxectivos e plan de implantación BIM	Ourense	45	7	315
Aproximación á metodoloxía BIM para arquitectos	Vigo	90	31	1.395
Implantación de metodoloxía BIM en estudos de arquitectura. Parte I, Análise da situación actual	Vigo	45	17	765
Implantación de metodoloxía BIM en estudos de arquitectura. Parte II, Fixación de obxectivos e plan de implantación BIM	Vigo	45	12	540
<b>Total</b>	<b>9</b>	<b>495</b>	<b>181</b>	<b>8.145</b>

## LIÑA 2: PRÁCTICA PROFESIONAL

Desenvolve os principais aspectos relacionados con exercicio profesional do arquitecto. Dirixida fundamentalmente:

- A aqueles que desexen actualizar os seus coñecementos nos distintos aspectos e ámbitos relacionados coa práctica profesional.
- A aqueles que se están a iniciar na práctica profesional da arquitectura.

Ao longo de 2019, complementábase o curso base, organizado xa por primeira vez en 2018, con unha serie de cursos taller que desenvolven de maneira máis especializada cada unha das materias abordadas.

Modalidade semipresencial.

CURSO	UBICACIÓN	HORAS OFERTADAS	ALUMNOS	HORAS CURSADAS
Práctica profesional	Ferrol	20	22	440
Cubertas axardinadas e xardinería vertical para arquitectos	Lugo	8	17	136
Instalación e mantemento de xardíns e zonas axardinadas para arquitectos	Lugo	8	13	104
Estimación de custos da actividade e fiscalidade para estudos de arquitectura	Santiago	16	8	128
Identidade Dixital para Arquitectos	Santiago	8	12	96
Estimación de custos da actividade e fiscalidade para estudos de arquitectura	Vigo	16	15	240
Práctica profesional	Vigo	20	25	500
Taller de Dirección de Obra e Coordinación de Seguridade e Saúde	Vigo	40	80	1.600
Taller de elaboración de proxectos	Vigo	30	41	1.230
<b>Total</b>	<b>9</b>	<b>166</b>	<b>806</b>	<b>35.641</b>

### LIÑA 3: URBANISMO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Comprende unha serie de cursos de diferentes tipoloxías, que desenvolven materias relacionadas coa ordenación do territorio, a planificación territorial e urbanística, os instrumentos de xestión, a intervención administrativa no proceso edificatorio (licenzas e outras autorizacións administrativas, disciplina, etc) en todos os ámbitos.

A meirande parte dos cursos que integran esta liña formativa contan con recoñecemento oficial da Escola Galega de Administración Pública.

Modalidade semipresencial.

CURSO	UBICACIÓN	HORAS OFERTADAS	ALUMNOS	HORAS CURSADAS
Curso de servidumes e limitacións sectoriais COAG-EGAP	A Coruña	40	60	2.400
Coordinación rexistro catastro. O réxime xurídico das edificacións en situación de fora de ordenación e das actuacións e edificacións ilegais en solo rústico.	Lugo	20	41	820
Coordinación rexistro catastro. O réxime xurídico das edificacións en situación de fora de ordenación e das actuacións e edificacións ilegais en solo rústico.	Ourense	20	37	740
Curso de servidumes e limitacións sectoriais COAG-EGAP	Santiago	40	35	1.400
Curso Superior de Técnico de Urbanismo 2019-2020	Santiago	350	41	14.350
Curso de servidumes e limitacións sectoriais COAG-EGAP	Vigo	40	46	1.840
<b>Total</b>	<b>6</b>	<b>510</b>	<b>260</b>	<b>21.550</b>

### LIÑA 4: NORMATIVA DE EDIFICACIÓN E AFORRO ENERXÉTICO

Dentro desta liña desenvólvense as esixencias normativas da edificación e a súa aplicación práctica. Solucións tanto para obra nova como para intervencións en edificacións existentes.

Están incluídos dentro desta liña formativa tamén os diferentes aspectos relacionados co aforro enerxético na edificación: normativa de aplicación, ferramentas informáticas, criterios construtivos e de deseño, rehabilitación enerxética, etc.

Modalidade semipresencial.

CURSO	UBICACIÓN	HORAS OFERTADAS	ALUMNOS	HORAS CURSADAS
O informe de avaliación de edificios (IAE). O seu marco regulador na lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.	A Coruña	12	21	252
Condições de accesibilidade na edificación e no espazo urbán	Ferrol	8	24	192
O informe de avaliación de edificios (IAE). O seu marco regulador na lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.	Ourense	12	19	228
Os Compostos Orgánicos Volátiles e a calidade do aire interior	Santiago	4	24	96
<b>Total</b>	<b>4</b>	<b>36</b>	<b>88</b>	<b>768</b>

## LIÑA 5: TECNOLOXÍA DA CONSTRUCCIÓN E REHABILITACIÓN

Nesta liña inclúense accións formativas relacionadas con:

- Sistemas estruturais, construtivos e de instalacións.
- Criterios e solucións para rehabilitación e intervención sobre edificacións existentes.
- Inspección e patoloxía.
- Ciclo de vida útil do edificio: mantemento.

Modalidade presencial | semipresencial.

CURSO	UBICACIÓN	HORAS OFERTADAS	ALUMNOS	HORAS CURSADAS
Práctica pericial: Todo o que non é medir é opinar	Santiago	16	44	704
<b>Total</b>	<b>1</b>	<b>16</b>	<b>44</b>	<b>704</b>

### 3 | RESUMO DE DATOS 2019

LIÑA FORMATIVA	NÚMERO CURSOS	HORAS OFERTADAS	ALUMNOS	HORAS CURSADAS
Metodoloxía BIM para arquitectos	9	495	181	8.145
Práctica profesional	9	166	233	4.474
Urbanismo e ordenación do territorio	6	510	260	21.550
Normativa de edificación e aforro enerxético	4	36	88	768
Tecnoloxía da construción e rehabilitación	1	16	44	704
<b>TOTAL</b>	<b>29</b>	<b>1.223</b>	<b>806</b>	<b>35.641</b>
TOTAL 2018	24	428	611	15.271
<b>VARIACIÓN SOBRE 2018 (%)</b>	<b>21%</b>	<b>285%</b>	<b>32%</b>	<b>233%</b>

### CONVENIOS CON ENTIDADES DE FORMACIÓN EXTERNA:

Aínda que o Colexio velou pola formación dos seus colexiados a través do deseño e impartición de accións formativas encamiñadas a mellorar a súa capacitación nas diferentes áreas da edificación e o urbanismo, preténdese incrementar o campo de actuación dos colexiados no ámbito das ferramentas informáticas e outras habilidades que, sendo transversais a outras disciplinas, complementan o ámbito competencial directo dos arquitectos, contribúen a mellorar a súa empleabilidade de cara a desenvolver a súa actividade en estudos e empresas.

Os convenios con entidades de formación externa teñen por obxecto, por tanto, facilitar aos colexiados poidan complementar a súa formación con aqueles contidos que, aínda que por non se inclúen dentro do plan de formación do COAG por facer referencia a materias que non son específicas do noso ámbito

competencial, si se entende que resultan de interese para os colexiados por mellorar a súa capacitación profesional.

En 2019, mantívose o marco regulador común que unifica as porcentaxes de desconto mínimos que deben aplicarse aos colexiados do COAG sobre os importes de matrícula ordinarios correspondentes a cada unha das accións formativas.

Nas condicións establecidas no convenio marco, se ofreceron accións formativas coas seguintes entidades:

- Imasgal
- Efinovatic

Comprouse destacar o paquete de experto en BIM impartido por Imasgal e o itinerario formativo sobre certificación enerxética celebrado con Efinovatic.

**EXPERTO EN BIM: Revit + Revit MEP + Navisworks + Metodoloxía BIM:**

- Primeiro módulo: REVIT Iniciación
- Segundo módulo: REVIT Intermedio
- Terceiro módulo: REVIT MEP
- Cuarto módulo: NAVISWORKS
- Quinto módulo: METODOLOGÍA BIM

**Certificación enerxética:**

- Jornada online de certificación e verificación do DB-HE en edificios novos con CE3X
- Curso online profesional de CE3X
- Curso online avanzado de CE3X
- Jornada online sobre certificación e verificación do DB HE0 e DB HE1 con SG SAVE
- Curso online profesional de SG SAVE
- Curso online avanzado de SG SAVE
- Jornada online sobre Novedades en el DB HE del CTE de 2019
- Jornada online sobre Passivhaus
- Curso online de cálculo de puentes térmicos con Therm
- Jornada online sobre definición de las instalaciones térmicas en CE3X para la HE0

#### **XORNADAS TÉCNICAS:**

Sesións informativas levadas a cabo por empresas especializadas do sector. Aínda que teñen unha finalidade comercial, as xornadas técnicas organizadas no COAG impártense sempre dende un formato docente, no que a presentación dos produtos se fundamenta nun contido técnico relacionado con esixencias xerais da normativa da edificación e impartidas por técnicos competentes.

Durante 2019, no COAG celebráronse un total de 21 xornadas técnicas ás que asistiron máis de 560 colexiados, a cargo das seguintes empresas:

- SENA VE
- Jornadas PASSIVHAUS
- VICAR PVC
- InfoEdita
- FIBERLIGHT
- Enziquim
- getAir
- EJOT Ibérica
- PERSAX
- Thermo chip
- Technal
- Klaus Multiparking
- VELUX
- Carma Ingeniería acústica

## COMISION DE CULTURA, PUBLICACIÓNS E SOCIEDADE

### ESTRUTURA

As Comisión de Concursos e Formación, e de Cultura e Comunicación tiveron durante o ano 2019 como responsable, ata o 12 de xuño de 2019, a Cristóbal Crespo. Posteriormente, constituíronse as novas comisións, estando a de Cultura, Publicacións e Sociedade integrada por Emma Noriega García (responsable), Ana Isabel Couto Pérez e Clara González Gil.

Polo que respecta ao ámbito da Cultura, destacar:

### LIBROS COAG

Ao longo do ano 2019, realizáronse os seguintes traballos:

1. Continuouse co proceso de centralización das publicacións das Delegacións no almacén de Lugo, recibindo publicacións procedentes dos arquivos das Delegacións.
2. A través da tenda LibrosCOAG, realizouse a venda de 262 libros, por un importe de 5.750 €, segundo consta no servizo de tesourería do COAG.

### PUBLICACIÓNS

**ARQUITECTURA POPULAR DE GALICIA.** Autor: Pedro de Llano Cabado- Edición revisada 2019 COAG.

Realizouse a presentación oficial do libro o xoves 19 de decembro, ás 20:00 horas, na Delegación do COAG na Coruña, coa presenza do autor e membros da anterior e actual Xunta de Goberno do COAG.

### EXPOSICIÓNS

#### EXPOSICION DOMINGO ANTONIO DE ANDRADE

Con motivo de que o Día das Artes Galegas 2020 estará dedicado ao arquitecto Domingo de Andrade, en colaboración coa Real Academia Galega de Belas Artes, realizouse un convenio de colaboración coa Xunta de Galicia para a realización dunha exposición itinerante baixo o título DOMINGO DE ANDRADE "XENIO, GLORIA E OFICIO", cuxas datas están sen determinar debido á situación.

#### EXPOSICIÓN DE LA UIA "SURTOURISME DANS LES VILLES HISTORIQUES" EN BAKOU, AZERBAÏDJAN

Participación na exposición da UIA en Bakou, cun panel da Tinería en Lugo. A información se recompilou e preparou co IGVS. Encargouse a un deseñador gráfico a composición do panel baixo as directrices da UIA.

#### ACTOS ANO ALEJANDRO DE LA SOTA

- 22 de xaneiro, Lugo. Mesa redonda. Vixencia do seu legado. Ana Pascual, Santiago Barge, Pablo Rodríguez moderada por Nuria Prieto
- 6 de febreiro, Ferrol. Charla de Pedro de Llano "Alejandro de la Sota: O nacemento dunha arquitectura".
- 15 de febreiro inauguración da exposición na facultade de Matemáticas en Sevilla
- 20 de febreiro, A Coruña. Conversa de Miguel Ángel Baldellou con Víctor Olmos moderada por Silvia Blanco.

## COMIDA DA PATROA

**9 de marzo de 2019** | Curtiduría de Pontepedriña en Santiago

Comida da patroa na Curtiduría de Pontepedriña en Santiago de Compostela cunha visita previa polas instalacións da man de Ángel Panero Pardo. Tivo lugar unha actuación do grupo de Jazz Medela Trío.

## OUTROS

**Xaneiro 2019.** Publicación na revista ECO do artigo solicitado ao vogal de cultura “A figura do canteiro, o gran coñecedor do material, é insubstituíble”.

**28 de febreiro.** Asistencia á reunión on line da AGENDA ARQUITECTURA

**15 de marzo.** Resolución do xurado do concurso conmemorativo CENTENARIO DE LA CREACIÓN DE LA ESCUELA DE DISEÑO BAUHAUS, organizado pola asignatura de comunicación gráfica en Arquitectura da ETSAC, no que o COAG participou.

**29 de marzo.** Gala de entrega dos galardóns correspondentes á **XVIII edición dos Premios COAG de Arquitectura** no Teatro Jofre de Ferrol.

**20 de xuño.** Conferencia “As Casas Reais de Santiago como antecedente da Real Audiencia de Galicia na Coruña” no Arquivo do Reino de Galicia na Coruña, impartida polo doutor arquitecto Elías Cueto Álvarez.

**7 de outubro.** Celebración do Día Mundial da Arquitectura. A Unión Internacional de Arquitectos (UIA) e o Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España (CSCAE) puxeron o foco sobre o desafío decisivo que representa a vivenda... para todas e todos, coa difusión dun manifesto.

**9 de outubro.** Procedeuse á lectura do manifesto no Pleno do Parlamento de Galicia, con motivo do Día Mundial da Arquitectura.

**18 de novembro.** Presentación na Delegación de A Coruña do libro do DOCOMOMO, arquitectura do movemento moderno en España, revisión rexistro DOCOMOMO Ibérico. Esta presentación, patrocinada por ARQUIA BANCA, estivo a cargo de Celestino García Braña, Presidente da Fundación DOCOMOMO Ibérico, e de Fernando Agrasar Quiroga, Director da ETSA-A Coruña.

**22 de novembro.** Tivo lugar no “Salón García” (rúa do Alcalde Rey Daviña, 14) de Vilagarcía de Arousa a entrega dos Premios GRAN DE AREA 2019, organizado pola Delegación de Pontevedra.

## ARQCAM

Iniciouse o traballo nun proxecto relacionado oca posta en valor da arquitectura contemporánea existente ó longo do Camiño de Santiago e da Ruta da Plata. O ámbito temporal determinouse entre 1919-2020.

Este proxecto se realiza en colaboración cos colexios de:

Sevilla - Extremadura - León - Castilla-León Este - Asturias - Cantabria - Vasco-Navarro - Aragón - La Rioja

Ponse de relevo o traballo xa realizado a través de DOCOMOMO, a obras premiadas nos distintos colexios e as obras protexidas polos catálogos dos concellos.

Os camiños nos que se centra o traballo son:

Camiño Francés  
Camiño del Norte  
Camiño Primitivo  
Ruta da Prata.

Isto non é un proxecto pechado, posteriormente se pode abrir ao resto de Camiños de Santiago

## PROXECTOTERRA

Ao longo do ano 2019, as actividades do ProxectoTERRA concretáronse nas seguintes accións:

1.- Mantemento da oferta de actividades complementarias para a Educación Secundaria.

- Desenvolvéronse 46 actividades cunha participación de 1840 escolares da ESO. Cómpre recordar que os materiais do ProxectoTERRA para Educación Secundaria están presentes no 100% dos centros públicos de Galicia e no 70% dos concertados e que xa teñen participado nas nosas actividades complementarias (150) uns 52.000 escolares da ESO.

2.- Mantemento de relacións institucionais na procura de colaboración no desenvolvemento das nosas actividades:

- Xuntanzas coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para establecer as liñas dun novo convenio de colaboración durante as anualidades 2020-2021.
- Xuntanzas coa Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), para establecer actividades en colaboración.

3.- Continuación da integración do ProxectoTERRA no Plan Proxecta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional coa participación de 2100 alumnos/as pertencentes a 38 centros escolares de Primaria e Secundaria.

4.- Coorganización do Seminario Internacional UNISCAPE EN-ROUTE en A Coruña, un programa aberto para a cidadanía na que se abordou a temática da paisaxe incorporada nos contidos do ProxectoTERRA con materiais de “PAGUS” creados no 2015 a través de tres liñas: Paisaxes Herdadas, Paisaxes Construídas e Paisaxes Vividas. O Seminario complementouse cunha visita territorial semellante ao que fai o alumnado de secundaria.

5.- Actualización dos contidos de Secundaria do ProxectoTERRA, “Arquitectura Popular”, “Arquitectura Contemporánea” e “Identidade Territorial”, a través de equipos multidisciplinares seleccionados a través dunha [convocatoria](#) aberta entre os colexiados do COAG que procedeu á asignación da actualización conforme á resolución dispoñible no seguinte [enlace](#)

6.- Implementación dunha guía virtual que complementa a visita e o intercambio territorial pola cidade e ría de Ferrol, que actualiza a anterior guía existente en papel.

7.- Dinamización da visita á exposición Argallar na Cidade da Cultura de Galicia, a través da facilitación do transporte a centros de Educación Primaria de Galicia. Recibíronse un total de 2400 alumnos/as.

8.- Coorganización do V Encontro Playgrounds, no que se formou a profesorado e persoas relacionadas coa arquitectura a través de obradoiros que posteriormente poderían levarse á aula.

9.- Oferta no curso 2019/2020 a todos os centros educativos unha actividade complementaria, elaborada pola APLU coa colaboración do ProxectoTERRA, “Eu son inspector@ urbanístic@” a través da cal o alumnado galego coñecería a labor da APLU e reflexionaría sobre o territorio.

10.- Organización do Obradoiro “Patios e Camiños escolares, propostas de transformación” no Museo Pedagóxico de Galicia en Santiago de Compostela con obxectivo principal formar a docentes sobre a importancia da mellora do espazo físico dos centros, a mobilidade infantil e a participación e inclusión do alumnado. Á formación asistiron trinta docentes de toda Galicia.

11.- Coordinación coa Delegación de Lugo para o envío de material do ProxectoTERRA aos centros educativos para a realización das actividades pertinentes.

12.- Presenza do ProxectoTERRA nos seguintes encontros:

- **Encontro Anual da Associação de Professores de Expressão e Comunicação Visual** co título de Paisagens, desenvolvido en Viseu o 23 e 24 de marzo de 2019.
- **II Curso Práctico de Educación Patrimonial en la Escuela**, desenvolvido en San Millán de la Cogolla o 5 e 6 de xullo de 2019.
- **V Encontro Playgrounds**, desenvolvido na Cidade da Cultura de Galicia os días 1-2 de novembro de 2019.

O financiamento do ProxectoTERRA realizouse con cargo á correspondente partida orzamentaria do COAG (13.333 €) e o cofinanciamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo xunto coa APLU (120.000 €) como resultado do convenio de colaboración plurianual 2018-2019 que garante a continuidade do proxecto e que permite manter a oferta das actividades complementarias previstas —visitas guiadas de arquitectura e cidade e intercambios territoriais— así como a ampliación da oferta á Educación Primaria.



## GRUPO DE TRABAJO ASUNTOS DE XENERO

### COMPOSICIÓN:

Vogal responsable de Xunta de Goberno, Dona Elvira Carregado Pazos desde maio de 2019 ata o 11 de xullo, que en sesión 11/2019 da Xunta de Goberno se nomea como responsables a Dona Carmen Figueiras Lorenzo (Presidenta da Delegación de Lugo ) e a Dona Elvira Carregado ( Secretaria de XG do COAG).

**23 de outubro**, asistencia on line á reunión do Grupo de Traballo de Asuntos de Xénero do CSCAE no que se trataron os seguintes asuntos:

- Elaboración do plan de igualdade de mulleres e homes, así como a guía elaborada polo CAE sobre o exercicio da profesión e igualdade de xénero.

### HAI MULLERES/ HAYMUJERES

No mes de febreiro comezou a publicación mensual do boletín #NovasDeArquitectas #NoticiasDeArquitectas, onde se reúnen algunhas das novas de prensa, radio ou televisión, protagonizadas por arquitectas, para tratar de visibilizar.

O **venres 1 de marzo** tivo lugar, organizada pola Delegación de Ourense, a 49ª “Ollada na rúa”...en feminino. Realizouse no **Parque de San Lázaro ás 19:30 h.** Para falar e reflexionar sobre o seu espazo e arquitectura. Contouse coas visións das cidadáns Marisol Novoa Rodríguez, Sara Outeiriño Paula e Celia Pereira Porto e as arquitectas Susana Alberte Sendín, Beatriz Hermida Calviño e Alba Dalama Gómez.

A vogal responsable asistiu como representante do Colexio o 7 de marzo de 2019 ao acto institucional “Innovación, talento e futuro. Mulleres pedindo paso” presidido polo titular do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo.

## COMISIÓN DE URBANISMO, TERRITORIO, ADMINISTRACIÓN LOCAL E FUNCIÓN PÚBLICA

### COMPOSICIÓN:

Vogal responsable da Xunta de Goberno Dona Elvira Carregado Pazos ata o 11 de xullo, data na que na sesión 11/2019 da Xunta de Goberno se nomea Vogal responsable a Dona Ana Isabel Couto Pérez, coa colaboración de D. Anselmo Villanueva (Presidente Pontevedra) e Dona Emma Noriega García (Vogal de Xunta de Goberno). Responsable de apoio do COAG: Dona Cristina López Eimil, arquitecta de visado, Área Técnica do COAG.

### PREPARACIÓN DE ALEGACIÓNS Á LEXISLACIÓN EN TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA:

O 21 de xaneiro de 2019 presentáronse ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda as Observacións do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) ao **“ANTEPROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 143/2016, DO 22 DE SETEMBRO, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DA LEI 2/2016, DO 10 DE FEBREIRO, DO SOLO DE GALICIA”**, con aportacións da Área Técnica do COAG.

Presentáronse suxestións á normativa en tramitación: **“Anteproxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia”**. 26 de marzo de 2019, con aportacións da Área Técnica do COAG.

Revisión do **“PROXECTO DE DECRETO DE CATÁLOGO DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS, ACTIVIDADES RECREATIVAS e ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO”**, en marzo 2019. DOG 04/03/2019.

### Proxecto do Decreto polo que se regulan as DIRECTRICES DA PAISAXE DE GALICIA:

En agosto de 2019 redáctanse e remítense suxestións ao borrador de ANTEPROXECTO de DECRETO xxx de 2019, polo que se aproba o REGULAMENTO da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia, con aportacións da Área Técnica do COAG e das comisións de urbanismo das diferentes Delegacións.

Iniciouse o procedemento de información pública o 2 de outubro e rematou o 3 de decembro. Organizáronse dúas reunións presenciais da Comisión da Delegación de Pontevedra (16 de outubro e 27 de novembro), e integráronse as aportacións das Comisións das diferentes Delegacións e dos servizos técnicos e xurídicos do COAG, xerando un documento único.

### Anteproxecto de Decreto polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o seu rexistro na Comunidade Autónoma de Galicia:

Publicase no DOG do 22 de outubro o anuncio de exposición ao público e fíxase un prazo de 15 días para presentar alegacións. Redactouse documento de alegacións integrando aportacións da Área Técnica do COAG.

### ACTIVIDADES:

**16 de xaneiro de 2019:** Asistencia xunto có Decano a reunión coa FEGAMP. A reunión versou sobre:

- A tramitación en formato telemático da documentación técnica (con posibilidade de incorporar tamén a non técnica) que forma parte dos traballos profesionais obxecto de autorización municipal (tanto por comunicación previa como por licenza urbanística).



- A necesidade de arquitectos nas AALL, o rigor e condicións das convocatorias das prazas, as asistencias técnicas (e máis dende a nova Lei de Contratos, coa limitación que establece), os prazos de tramitación das licencias nalgúns Concellos e os diferentes criterios entre uns e outros.
- A colexiación dos funcionarios.
- A posibilidade de organizar unhas xornadas sobre a normativa de aplicación en materia de ordenación do territorio. Podería ser de interese colaborar tamén con eles, xa que aos seus técnicos lles afecta especialmente e polo que vamos detectando, o nivel de coñecemento sobre a Lei de Ordenación do Territorio, DOT, POL e PBA é baixo, o que fai que en ocasións non se aplique, ou se aplique mal.
- O informe de xénero que debe acompañar ás intervencións urbanísticas, para o que no seu momento pediran a colaboración do COAG, tanto a FEGAMP como a Dirección Xeral de Igualdade.
- Desde o COAG estase a traballar na elaboración dunhas fichas resumo sobre afeccións sectoriais actualizadas, e adaptadas ao PBA. No seu momento, a FEGAMP colaborou na elaboración e edición das que temos (que ficaron obsoletas), podería ser de interese colaborar de novo e facer unha nova publicación.

**19 de xaneiro de 2019.** Artigo na Voz “Gestionar la ciudad construída”.

**1 de febreiro de 2019:** asistencia na ETSAC ao acto de entrega dos novos egresados.

**6 de febreiro de 2019:** Asistencia xunto có Decano e o responsable do PROXECTO TERRA á reunión coa Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Os temas tratados foron: revisión dos temas vistos na reunión coa FEGAMP, o PROXECTO TERRA, o CSU e os novos módulos deste, consulta sobre interpretacións oficiais das normativas. Alegacións á LOT e a modificación do RLSG.

**5 de abril de 2019:** Asistencia en remoto á reunión ordinaria da Xunta Directiva de Unión de Agrupacións de Arquitectos ao Servizo das Administracións Públicas.

**6 de maio de 2019:** Asistencia á reunión técnica sobre as Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico, segundo o disposto no artigo 48.1 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, en la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**13 de xuño de 2019:** Asistencia á entrega de galardóns da II Edición dos Premios Galicia Parabéns.

**3 de setembro de 2019,** asistencia, como representante do COAG, á COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO na EGAP, Santiago de Compostela.

**10 de setembro de 2019,** asistencia telemática á reunión do Grupo de Traballo do Observatorio de Arquitectura do CSCAE, “GT3 Ciudad y Territorio de Calidad – 3.1 Baukultur. Calidad del entorno construído. Valores de los modelos urbanos actuales”.

**17 de setembro de 2019,** asistencia telemática á reunión do Grupo de Traballo do Observatorio de Arquitectura do CSCAE, “GT3 Ciudad y Territorio de Calidad – 3.2 El Sector de la arquitectura como herramienta de diplomacia cultural. Generación de un modelo de exportación. (DIPLOARQ)”.

**3 de outubro de 2019,** asistencia á reunión, representando á Xunta de Goberno e acompañando á Decana, Dona Elena Ampudia, coa Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Dona Encarnación Rivas Díaz na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Tratáronse entre outros temas: a tramitación de licencias dixital a través da plataforma do COAG, unificación de criterios na interpretación das leis en materia de urbanismo e o PBA.

**4 de decembro de 2019,** asistencia, como representante da Xunta de Goberno, á Xornada “Agenda Urbana y Cambio Climático” organizada polo Ministerio de Fomento, que tivo lugar no Palacio de Zurbano, Madrid. Xornada celebrada dentro do marco da “Cumbre del Clima COP 25”.

## SERVIZO DE DEONTOLOXÍA E ASUNTOS PROFESIONAIS

Un dos fins esenciais do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia é ordenar o exercicio profesional no marco das Leis, velar pola observancia da deontoloxía e das incompatibilidades no exercicio da profesión, así como o respecto debido aos dereitos dos cidadáns.

Concretamente este Colexio profesional está obrigado velar pola Deontoloxía profesional, segundo restablecen e desenvolven as seguintes referencias legais:

- A Lei estatal 2/1974 de 13 de febreiro sobre Colexios profesionais, modificada expresamente pola Lei 25/2009, de 22 de decembro, nolos seus artigos 2, 11 e 12.
- A Lei 11/2010 autonómica de 18 de setembro, modificada pola Lei 1/2010, de 11 de febreiro, nolos seus artigos 10, 10ter, 10 quater, 20 e 26.
- Os Estatutos do Colexio de Arquitectos de Galicia aprobados segundo o Decreto autonómico 105/2016 de 21 de xullo, nos seus artigos 5. c); 6.3. h); 7.3; 16.2.a) e d) e 17.1
- Os Estatutos do CSCAE, aprobados segundo o Real Decreto do Ministerio de Fomento número 129/2018, de 16 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais dos Colexios de Arquitectos e do seu Consello Superior.
- O vixente Código Deontolóxico dos Arquitectos, aprobado pola Asemblea Xeral do Consello Superior o día 20 de novembro de 2015 e que entrou en vigor o 20.11.2016.
- A Guía de procedemento para a tramitación dos expedientes disciplinarios nos Colexios de Arquitectos, aprobada pola Asemblea Xeral de Xuntas de Goberno de 30 de novembro de 2001, con modificacións aprobadas pola Asemblea Xeral Común do Consello Superior de Arquitectos de España de 27 de novembro de 2009.

Para a consecución destes fins o COAG exerce entre outras, funcións de ordenación que eviten o intrusismo profesional, velando pola ética e a dignidade da profesión, tanto nas relacións mutuas entre Arquitectos, como nas destes cos seus clientes, á vez que exerce a potestade disciplinaria sobre os Arquitectos que incumpran os seus deberes colexiais ou profesionais, tanto legais como deontolóxicos.

Así mesmo e en virtude das modificacións legislativas das Leis ómnibus estatal e galega, que regulan a actividade dos Colexios Profesionais en aplicación da Directiva Comunitaria de liberalización do sector servizos, tamén é deber dos Colexios Profesionais resolver as queixas e reclamacións referidas á actividade colexial ou profesional dos seus colexiados, tanto si se presentan por calquera consumidor ou usuario que contrate os servizos profesionais dun arquitecto, como a través de asociacións e organizacións de consumidores e usuarios en representación ou defensa dos intereses destes, instruindo, cando cumpra e por parte dos órganos colexiais competentes, os oportunos expedientes informativos ou disciplinarios.

Para apoiar e asistir, en maior medida, o labor do Colexio de Arquitectos nestes fins e funcións, a Xunta de Goberno, no seu día, na súa Sesión n.º 4/2012 de 26 de marzo de 2012, considerou oportuno o establecemento e posta en marcha do SERVIZO DE DEONTOLOXÍA COLEXIAL.

Posteriormente e segundo acordo da Xunta de Goberno n.º 14/2012 de 5 de novembro de 2012, aprobouse o Regulamento que o ordena.

Segundo ese mesmo acordo, e de acordo o artigo n.º 3, o responsable da Xunta de Goberno na área da Comisión Deontoloxía e Asuntos Profesionais, tras as eleccións de 12 de maio de 2015, o servizo organizouse da seguinte forma:

- Responsable: D. Simón Pereiro López- Quecuty (vocal Vigo) até o 27 de maio. D. Antonio Davila Alonso (vogal Vigo), a partir das eleccións de maio de 2019 (sesións de 12/2019 de 1 de agosto e 13/2019 de 12 de setembro- circular colexial n.º 19 de 24/09/2019):

- Persoal colexial de apoio: Alberto Escobar Molinero (arquitecto). María Malvido Pouse (xurídica). Manuela Rodríguez Ojea e José Luís Baltasar Hormigos (Secretaría)

Todo iso co apoio da asesoría xurídica colexial.

Tal e como di o apartado 2 do artigo 10 do Texto consolidado da Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais, desde o ano 2012 o COAG na páxina web corporativa colexial, conta cun apartado para este servizo, onde está aloxado o propio Código e o Regulamento do servizo. Ver: <http://portal.coag.es/deontoloxia/>

Ademais segundo establece o artigo 11 do texto consolidado da Lei 2/1974 de Colexios Profesionais nos seus apartados, c) e d), a continuación achégase:

- Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzarán firmeza, con indicación da infracción á que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta si é o caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Información agregada e estatística relativa as queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, si é o caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

## INFORMACIÓN ESTATÍSTICA

No ano 2019 este Servizo realizou a actividade que se concreta sucintamente en: (\*)

### POR EXPEDIENTES INFORMATIVOS (\*)

Abríronse 26 novos. Deles:

	De inicio	18
	De resolución	22
	Acordo Xunta de Goberno	23
	Pendente resolución	00

### POR COLEXIADOS AFECTADOS (\*)

Foron afectados 23 colexiados. Deles:

CO	Da delegación de Coruña	05
LU	Da delegación de Lugo	02
OU	Da delegación de Ourense	03
PO	Da delegación de Pontevedra	03
VIN	Da delegación de Vigo	11
SA	Da delegación de Santiago	02
FE	Da delegación de Ferrol	02
S/I	Sen identificar polo denunciante	02
Ou/Coas	Doutros COA's	00

### POR TIPO DE SUPOSTA INFRACCIÓN DEONTOLÓXICA (\*)

Foron identificadas 30 supostas infraccións. Delas:

II	Nas formas de exercer a profesión polo arquitecto	00
III	Nas obrigacións xerais do arquitecto	21
IV	Nas súas incompatibilidades	03



V	Nas relacións do arquitecto cos seus clientes	02
VIN	Nas relacións do arquitecto con contratistas e industriais	00
VII	Nas relacións do arquitecto con outros profesionais	00
VIII	Nas relacións entre arquitectos	02
IX	Nas relacións do arquitecto co Colexio	00
X	Outras. Incumprimento Colexiación obrigatoria	00
	Outras. Suposta infracción urbanística	01
	Outras. Suposta falsificación	01

#### POR LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA (\*)

Foron identificadas actuacións que se vinculan con 17 municipios galegos. Deles:

CO	Da provincia da Coruña (Ferrol, Betanzos, Cedeira, Santiago, A Coruña -2-, Oleiros)	06			
LU	Da provincia de Lugo (Pol, Monforte de Lemos, Lourenzá)	03			
OU	Da provincia de Ourense (Ourense, San Cibrao das Viñas, Amoeiro)	03			
PO	Da provincia de Pontevedra (Pontevedra, Vigo-3-, Cambados, Vilagarcía, A Estrada)	05			

#### POR TIPO DE DEMANDANTE (\*)

I	Por persoa xurídica	00
II	Por persoa física	15
III	Por arquitecto colexiado	04
IV	Pola Administración	00
V	Por Comunidades de propietarios	01
VII	Pola Xunta de Goberno/Directiva do COAG ou pola organización interna	06

(\*) Un mesmo expediente pode afectar á vez os diferentes aspectos, polo que o sumario dos diferentes apartados poden non ser concordantes, ou puido haberse iniciado ou rematado en ano anterior ou posterior.

#### • ACORDOS E FIRMEZA

No ano 2019 a Xunta de Goberno colexial:

- Arquivou xustificadamente, ou se mediou para a súa resolución, en 23 denuncias.
- Abriuse UNHA dilixencia previa que viña do ano 2018, xa en o 2019, nomeouse INSTRUTOR, o cal tras a correspondente instrución, **acordou o seu arquivo.**

#### • INCOMPATIBILIDADES E POSIBLES SITUACIÓNS DE CONFLICTO DE INTERESE

Facer constar que de acordo o punto f) do texto consolidado da Lei 2/1974 de Colexios Profesionais, manifestar que con respecto ás Normas sobre incompatibilidades e posibles situacións de conflito de intereses en que poidan atoparse os membros das Xuntas de Goberno, no ano 2019 non se produciron cuestións de tal índole.

#### • MODIFICACIÓN DOS CÓDIGOS DEONTOLÓXICOS


Facer constar tamén que no ano 2019, non se produzo ningunha modificación do Código Deontolóxico dos Arquitectos aprobado polo Consello Superior dos Arquitectos de España no ano 2015.

## INFORME ANUAL DO SERVIZO DE RECLAMACIÓNS DE COLEXIADOS

Dentro das consultas telemáticas realizadas polos colexiados, están definidas as temáticas ás que se refiren. Realizouse unha análise das mesmas, especificando as reclamacións presentadas no ano 2019, que amosan os seguintes resultados:

Atención a colexiados	18
Procedemento visado	8
Servizos web (inclúe @coag.es)	7
Custe de tramitación	5
Configuración colexiación	4
Idioma	4
Xestións externas	3
Problema facturación	1
Inscripción peritos	1
<b>Total</b>	<b>51</b>

No histórico dos últimos cinco anos, aprecíase un descenso do número total de reclamacións:



## AGRUPACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES

En 2019 a Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses do COAG (AAPF) continuou coa súa actividade habitual, tentando proporcionar a todos os colexiados, membros ou non da Agrupación, soporte para o desempeño das funcións como arquitectos dentro do ámbito pericial.

Durante o dito ano, a Xunta Directiva da Agrupación estivo integrada polos seguintes membros:

<b>D. Carlos Alvira Duplá</b>	Presidente, representante Delegación de <b>Pontevedra</b>
<b>D. José Antonio Piñeiro Carrera</b>	Tesoureiro, representante Delegación de <b>Ourense</b>
<b>D. Fernando M. Taberner Duque</b>	Secretario, representante Delegación de <b>Santiago</b> Representante da Xunta de Goberno do COAG <sup>(1)</sup>
<b>D<sup>a</sup>. Engracia Balayo Caamaño</b>	Vogal en representación da Delegación d' <b>A Coruña</b>
<b>D. Vicente Fernández-Couto Gómez</b>	Vogal en representación da Delegación de <b>Ferrol</b>
<b>D. César Jiménez López</b>	Vogal en representación da Delegación de <b>Vigo</b>
<b>D<sup>a</sup>. Patricia López González</b>	Vogal en representación da Delegación de <b>Lugo</b>
<b>D<sup>a</sup>. Alicia Romaní Bóveda</b>	Representante da Xunta de Goberno do COAG <sup>(2)</sup>

(1) *Como vogal da Xunta de Goberno do COAG, e designado por esta para este fin, exerceu tamén como representante da mesma diante da Xunta Directiva da Agrupación ata o mes de setembro*

(2) *Renovada a Xunta de Goberno do COAG tras as eleccións celebradas no mes de maio, a nova Xunta de Goberno designou á súa tesoureira como a súa representante diante da Xunta Directiva da Agrupación, posto ao que se incorporou na sesión 5/19*

No exercicio **2019** son membros da Agrupación **193** colexiados, distribuídos segundo se indica:

Delegación de <b>A Coruña</b>	<b>49</b> membros	Delegación de <b>Pontevedra</b>	<b>31</b> membros
Delegación de <b>Ferrol</b>	<b>10</b> membros	Delegación de <b>Santiago</b>	<b>21</b> membros
Delegación de <b>Lugo</b>	<b>20</b> membros	Delegación de <b>Vigo</b>	<b>44</b> membros
Delegación de <b>Ourense</b>	<b>18</b> membros	<b>TOTAL</b>	<b>193</b> membros

A Xunta Directiva levou a cabo un total de seis reunións ao longo do ano natural. Todas tiveron lugar na sede do COAG, en Santiago de Compostela e, ademais dos asuntos de trámite, abordáronse os temas



previstos nas respectivas ordes do día. De entre eles recóllense a continuación algúns dos acordos máis salientables adoptados nelas:

- Sesión 1/19 | 13 de marzo | Santiago de Compostela

Tómase entre outros o acordo de presentar nas XII Xornadas CGPJ – CSCAE unha comunicación sobre a incongruencia das condenas que se ditan igualando as dos arquitectos coas dos promotores.

- Sesión 2/19 | 3 de maio | Santiago de Compostela

Acórdase celebrar un curso de metroloxía os días 27 e 28 de xuño, no hotel Eurostars San Lázaro. Debátense e apróbanse os prezos de matrícula do curso.

- Sesión 3/19 | 19 de xuño | Santiago de Compostela

Tómase o acordo de pedir que o Colexio reitere os anuncios sobre o curso, en circular e páxina *web*. Asemade, que os membros da Xunta Directiva se poñan en contacto con todos os peritos que lles sexa posible, para intentar aumentar o número de matriculados.

- Sesión 4/19 | 10 de xullo | Santiago de Compostela

Acórdase reeditar o curso de iniciación á práctica pericial celebrado tres anos antes, para desenvolvelo no vindeiro outono.

- Sesión 5/19 | 19 de setembro | Santiago de Compostela

Tómase entre outros o acordo de organizar unha actividade extraordinaria: unha charla-coloquio que terá como tema as «*reflexións sobre os vinte anos de aplicación da LOE*», a cargo do maxistrado xubilado do Tribunal Supremo don José Antonio Seijas Quintana e o maxistrado xubilado da Audiencia Provincial de Pontevedra don Julio C. Picatoste Bobillo, o mércores día 9 de outubro, en Santiago de Compostela.

- Sesión 6/19 | 25 de novembro | Santiago de Compostela

Acórdase manter sen variación un ano máis, como xa se fixera nos anteriores, a cota de pertenza á Agrupación para o ano 2020, aos efectos de incorporación ao proxecto de orzamentos do Colexio que se deberá debater na vindeira Xunta Xeral ordinaria de decembro.

Pola súa banda, o Presidente, D. Carlos Alvira, na súa calidade de representante da AAPF do COAG ante a Unión de Arquitectos Peritos e Forenses de España (UAPFE), e membro da Xunta Directiva da Unión, asistiu a catro reunións da dita Xunta Directiva, que se celebraron dúas en Madrid e dúas en Tarragona, nas que se debateu e tomaron acordos con respecto a diversos asuntos, entre os que cómpre sinalar:

- Sesión nº 129 | 1 de marzo | Tarragona

Centrada na organización das XII Xornadas CGPJ – CSCAE, a celebrar en novembro en Tarragona.

- Sesión nº 130 | 31 de maio | Madrid

Sobre a lei reguladora dos contratos de crédito hipotecario, debatéronse as condicións que se pretende impor aos arquitectos para traballar como taxadores ou validadores.

Presentación do Libro Branco no COAM, en vez de facer unha presentación en regra por parte da UAPFE. E máis tendo en conta que o COAM non ten agrupación de peritos.

Proposta de realización dunha actividade de difusión da mediación nos colexios con agrupacións pertencentes á UAPFE, para a constitución dun grupo de traballo dentro da Unión.

· Sesión nº 131 | 13 de setembro | Madrid

Decisión de seguir adiante coas XII Xornadas CGPJ – CSCAE en Tarragona, pese á escasa matriculación ata o momento, e os posibles problemas derivados da situación política.

Aprobación da realización das XIII xornadas en Bilbao en 2021, aceptando o ofrecemento do COA Vasco-Navarro.

Vacancia da vicepresidencia da Unión, ao cesar nos seus cargos quen a ostentaba, a que fora representante do COA de Madrid.

Decisión de remitir as listaxes de peritos aos estamentos xudiciais de ámbito estatal radicados en Madrid dende a Unión ou o CSCAE, e non dende o COA de Madrid, como viña sendo habitual, en prexuízo das agrupacións dos demais colexios.

Reiteración da petición de información por parte da agrupación do COACyLE sobre o resultado dos cursos de iniciación e a aplicación do «plano de choque», e presentación dun escrito no que conclúen que o dito plano ten sido un «fracaso, por inflexible».

· Sesión nº 132 | 13 de novembro | Tarragona

Aprobación da convocatoria e o procedemento para a elección do secretario da Unión, cargo que cómpre renovar, o que se levará a cabo na reunión da Unión de febreiro.

Manter na páxina en internet da UAPFE o documento de criterios orientativos para a determinación de honorarios dos arquitectos peritos na taxación de costas en procedementos xudiciais, engadíndolle un par de parágrafos sobre as limitacións ao uso dos ditos criterios.

Os días 14, 15 e 16 de novembro celebráronse en Tarragona as XII Xornadas CGPJ – CSCAE, nas que o presidente da AAPF moderou a primeira mesa redonda, sobre a aplicación do CTE á rehabilitación. Ademais de don Carlos Alvira, asistiron ás Xornadas outros dous membros da Agrupación: a vogal dona Engracia Balayo e don Daniel Noguera.

Durante o ano 2019, co inestimable apoio do departamento de informática do Colexio, e co traballo e supervisión da vogal dona Engracia Balayo, púxose en funcionamento a páxina en internet da Agrupación, integrada dentro da páxina do COAG, para dar información, soporte e apoio aos peritos que forman parte da AAPF de Galicia.

### **Memoria de xestión económica da Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses 2019**

Durante o ano 2019 ingresáronse por cotas de agrupados 5829 euros, e por inscricións en cursos desenvolvidos pola Agrupación 3480 euros; o total de gastos ascende a 11 924 euros, incluíndo o 18% de gastos xerais achegado ao COAG, co que nos dá un balance negativo da actividade da Agrupación de 2618 euros durante o ano 2019.

En etapas anteriores do COAG o devandito déficit podía ser cuberto coa achega que facía ASEMAS como patrocinador das actividades colexiais de formación. A dita achega non se fai directamente á Agrupación,

aínda que si chega ao Colexio, polo cal solicitouse apoio económico ao COAG para a realización de cursos, en forma de partida orzamentaria de cara ao ano 2020, xa aprobada. Obsérvase na evolución económica da Agrupación que só os anos sen actividade formativa é nos que a Agrupación obtén superávit, sendo os ingresos do COAG menores que os dos anos nos que, pese ao déficit, si houbo actividades formativas.

Esta Agrupación, con escasos ingresos propios, está presente en organizacións de peritos a nivel nacional, e desenvolve cursos de formación moi económicos e con moi boa aceptación entre os participantes, o cal redundará en beneficio para o colectivo dos arquitectos colexiados. O feito de ter que aportar o 18% de todos os gastos limita a posibilidade de obter rendemento económico a final de ano, pero supón unha vía directa de ingresos ao COAG. Non é o obxectivo desta Agrupación o devandito rendemento, senón seguir ofrecendo a mellor formación a todo o colectivo ao menor custo, e iso estase logrando de maneira eficiente. Hoxe, coa achega do COAG, preséntasenos un panorama favorable de cara á realización de cursos formativos, charlas e demais sen as limitacións orzamentarias anteriores, podendo planificar as nosas actividades sen necesidade de achegas non previstas en orzamento.

1) PERITOS Y FORENSES 2015-2019

	2015	2016	2017	2018	2019
Otros gastos (CGPJ-UAPFE)	-350				-82
Cuota UAPFE	-946	-946	-1.019		
Dedicación específica	-1.293	-2.060	-720	-930	-1.710
Kilometraje y desplazamientos	-1.360	-1.489	-1.002	-1.453	-1.531
Gtos. Viaje, manutención y alojamiento Junta	-1.537	-945	-1.155	-1.541	-2.203
Gastos Cursos		-9.365			-4.297
Gastos charla Lugo		-316			
Cena jueces					-282
18 % Gastos generales	-988	-2.722	-701	-706	-1.819
<b>Total gastos</b>	<b>-6.474</b>	<b>-17.843</b>	<b>-4.597</b>	<b>-4.630</b>	<b>-11.924</b>

Ingresos cuotas	5.948	6.399	6.358	5.848	5.826
Ingresos curso		7.604			3.490
<b>Total Ingresos</b>	<b>5.948</b>	<b>14.003</b>	<b>6.358</b>	<b>5.848</b>	<b>9.306</b>

<b>Resultado</b>	<b>-526</b>	<b>-3.840</b>	<b>1.761</b>	<b>1.218</b>	<b>-2.618</b>
------------------	-------------	---------------	--------------	--------------	---------------

\* En 2014 la repercusión de los gastos generales era de un 35%

\*\* 2015 Y 2016 Los gastos generales fueron del 22%

\*\*\* En 2018 y 2019 no se imputó en gasto la cuota de la UAPFE (1.033 € Y 1.053 € respectivamente)

*Evolución dos ingresos e gastos da Agrupación durante o período 2015-2019*



## **DELEGACIÓNS**

## DELEGACIÓN DE A CORUÑA

O presente documento ten por obxecto reflectir as actividades que se desenvolveron na Delegación de A Coruña do COAG durante o ano 2019. Considerando que se celebraron eleccións no mes de maio de 2019 e a Xunta Directiva foi re-elixida, esta memoria desenvólvese de xeito íntegro, por non terse producido un relevo nos cargos.

### COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA, SITUACIÓN CONXUNTURAL E PERÍODO INFORMADO:

A Xunta Directiva da Delegación da Coruña está formada, na actualidade, polos seguintes membros:

Presidente: D. Roberto Costas Pérez

Secretario: D. Óscar Pedrós Fernández

Tesoureira: D<sup>a</sup>. Xulia Álvarez García

### RESUMO XERAL DO ANO:

A Xunta Directiva da Delegación da Coruña estivo presente en temas de actualidade do mundo da arquitectura e o urbanismo e poñendo en coñecemento das Administracións as demoras nos procesos burocráticos que atinxen á nosa profesión. A traveso das súas reunións semanais, a Xunta Directiva, foi tramitando outros asuntos intrínsecos ao día a día do Colexio, que non se reflecten na presente Memoria de Xestión. Na relación co Colexiado, fomos dando cumprida conta dos acordos tomados nas Xuntas de Goberno e Xerais aos nosos colexiados/as.

### CANLES DE INFORMACIÓN:

A Xunta Directiva utilizou, tanto para as actividades propias como para a difusión de temas vinculados á arquitectura, as seguintes canles de comunicación cos seus/súas colexiados/as:

- Circulares: 2.
- Comunicados: plataforma *Mailchimp* (35 comunicacións aprox.) e unha carta aos colexiados do Sr. Presidente, en maio de 2019.
- Redes sociais *Twitter* (3381 seguidores) e *Facebook* (2172 seguidores).
- Prensa e radio: varios artigos de opinión, obituario e entrevistas publicadas en periódicos e estacións de radio. En total, 19 intervencións en prensa y catro na radio.

### ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓN COLEXIAL:

Celebración de dúas Xuntas de Delegación:

- Xuntas (ordinarias) de Delegación o 2 de maio de 2019 e 29 de novembro do 2019.

### XESTIÓN DO PATRIMONIO:

- Reforma Delegación: finalización da reforma da sede da Delegación da Coruña do COAG, empregando o material existente do mostrador e mantendo o carácter do deseño orixinal das oficinas.
- Firma del Convenio de depósito del material pertencente ao Arquivo de Planeamento Urbanístico coa Deputación de A Coruña. 13/02/2019.
- A Xunta directiva mantivo numerosas reunións e comunicacións coas comunidades de propietarios dos inmobles nos que o Colexio ten propiedades, co fin de defender os intereses deste.

#### REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL:

- Reunión co Concelleiro de Urbanismo e Vivenda da Corporación entrante do Concello da Coruña (4/10/2019).
- Pertenza á Mesa polo Desenvolvemento Urbano Sostible (Edificación) do Concello da Coruña.
- Pertenza á Mesa de Mobilidade do Concello da Coruña.
- Pertenza ao Grupo de Traballo de Tráfico *Coruña cidade 30*.
- Pertenza ao Grupo de Traballo de humanización y accesibilidade *Coruña cidade 30*.
- Pertenza ao Grupo de Traballo de vías ciclables *Coruña Cidade 30*.

#### DEFENSA DE LA PROFESIÓN:

A Xunta Directiva realizou o seguimento dos concursos convocados na área da Delegación, estudando os pregos e, nos casos que así lo requiriron, solicitando modificacións e/ou aclaracións a estes co fin de garantir os intereses da profesión.

- Revisión da Ordenanza de Axudas á Rehabilitación do Concello de A Coruña.
- Reunións periódicas co colectivo de colexiados para elaborar un documento de revisión das relacións coa Administración, atribucións profesionais, PXOM e PEPRI do Concello da Coruña.

#### OUTROS FEITOS A REMARCAR:

- Falecemento do Colexiado nº 29 e primeiro Decano do COAG, D. Andrés Fernández-Albalat Lois, o 29 de decembro de 2019, colexiado residente da nosa Delegación. Presenza da Delegación no obituario e canles de información (prensa e radio).
- A Delegación da Coruña superou os 1000 colexiados residentes (1037 en concreto, notificados na última Xunta de Delegación do curso).

#### ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E DIFUSIÓN:

As actividades de formación e difusión de produtos técnicos se realizaron en coordinación con Sede colexial a través do calendario compartido, recolléndose nun agregado común na Memoria de Xestión. A nova distribución das instalacións da Delegación, trala reforma, facilitou enormemente a convivencia de actividades simultáneas nas devanditas instalacións.

#### PRESENZA EN EVENTOS:

- Xornada *A rexeneración sustentable do territorio* na Escola Técnica Superior e Arquitectura da Universidade da Coruña (4/11/2019).
- Mesa Rexurbe: convenio IGVS,- Universidad de Santiago - Colexio de Arquitectos de Galicia co gallo de redactar un modelo de plan de dinamización das áreas Rexurbe.

#### ACTIVIDADES CULTURAIS:

- Inauguración da Reforma da Delegación da Coruña do COAG, pola Xunta Directiva (9/05/2019).
- Presentación do libro *A obra arquitectónica e o dereito de autor*, de D. Ramón Rey (9/05/2019).
- Exposición *Kengo Kuma. Arquitectura en madeira*, de Antonio Barro Lago (9/05/2019-25/06/2019). Inauguración coa presenza de D<sup>a</sup>. Megumi Shiozawa da Casa do Xapón en Galicia cunha demostración de *kan-ji*.
- Exposición *Estelas e Atalaias* de Andrés Reboredo (26/06/2019).
- Día Mundial da Arquitectura: Exposición *Mirar!* de Pablo Tomé (10/10/2019-21/11/2019).
- Presentación do libro *Guía práctica de valoracións urbanísticas e expropiatorias*, de Ana Debén, Alejandra de Mon, Diana García y Paulo López (23/10/2019).
- Presentación do libro *Arquitectura e ilusión. Proxectar dende o in-genius loci*, de Óscar Pedrós Fernández, coa presenza do ilusionista Martín Camiña (13/11/2019).

## DELEGACIÓN DE LUGO

### XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva da Delegación dende as eleccións do día **12 de maio de 2019**, está constituída por:

Presidente de delegación e integrante da comisión de arquitectura e territorio do COAG Lugo:

D<sup>a</sup>. CARMEN FIGUEIRAS LORENZO

Tesoureira de delegación e integrante da comisión de arquitectura e territorio do COAG Lugo

D<sup>a</sup>. MÓNICA FOLGUEIRA COBAS

Secretario de delegación e integrante da comisión de arquitectura e territorio do COAG Lugo:

D. RAÚL JOSE VEIGA LAMELAS

---

Durante o ano 2019 ata a data citada, e con a anterior xunta directiva:

Asistiuse a 8 Xuntas de Goberno en Santiago das 8 realizadas:

17 xaneiro 2019	13 febreiro 2019	06 marzo 2019	04 abril 2019
24 abril 2019	14 maio 2019	29 maio 2019	12 xuño 2019

Durante o ano 2019 desde a data citada a fin de ano, e con esta xunta directiva:

Asistiuse a 8 Xuntas de Goberno en Santiago das 8 realizadas:

04 xullo 2019	11 xullo 2019	1 agosto 2019	12 setembro 2019
10 outubro 2019	07 novembro 2019	21 novembro 2019	17 decembro 2019

### DELEGACIÓN

Xunta de delegación estatutaria en abril de 2019

Xunta de delegación estatutaria el 28 de novembro de 2019

Reunións da Xunta Directiva 9:

03 de xullo de 2019  
17 de xullo de 2019  
26 de xullo de 2019  
17 de setembro de 2019  
02 de outubro de 2019  
22 de outubro de 2019  
24 de outubro de 2019  
22 de novembro de 2019  
10 de decembro de 2019

Reunión de confraternización e viño de nadal o 20 de decembro de 2019

Polo que se refire ós contactos coas Administracións públicas e outras organizacións, empresas ou profesionais realizáronse as seguintes coa intención de abrir ou continuar novas liñas de traballo:

